

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11.**

**SESION ORDINARIA (agosto) DO 6 DE SETEMBRO DE 2017**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO  
POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel (incorpórase ás  
10,50 h.)

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE  
VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Abelairas Rodríguez, Isaura (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día seis de setembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello, convocatoria ordinaria para o día de hoxe ás nove da mañá, orde do día en poder das señoras/es concelleiras, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos coa orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(116).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 28 DE XUÑO DE 2017).**

*(No momento da votación atópase ausente o concelleiro, Sr. Piñeiro López).*

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 28.06.2017.

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **2(117).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EJERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE: 2399/500. (1590/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 18.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal xeral”, para o exercicio 2018 que consta neste expediente.

A aplicación dos tributos do Concello, amais da regulación propia de cada ordenanza fiscal, segue normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión de actos integradas nesta ordenanza fiscal xeral. A casuística derivada da xestión tributaria e recadadora do último ano aconsella as modificacións que se relacionan no presente expediente.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDLexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Segundo directrices das Concellerías de Facenda e Comercio modifícase a base liquidable/superficie computable de ocupación de dominio público en postos de venda, tanto regulados na Ordenanza Fiscal nº 30 como na Ordenanza Fiscal nº 32: A superficie computable será, estritamente, a ocupada polo posto ou instalación.

Para o exercicio 2018, segundo proposta do Sr. Tesoureiro municipal que obra no expediente, introdúcese unha serie de modificacións no procedemento de recadación en período executivo. Afectan ao artigo 73 relativo á poxa de bens, no tocante ao prazo de adxudicación directa, diferenciando un prazo para adxudicación de bens inmoables e outro para bens móbiles (apartado 6). Engádese un apartado 9, para recoller circunstancias non previstas (formalización da adxudicación directa en acta, gastos derivados da adxudicación a cargo do adxudicatario, suposto de impago do prezo do remate polo adxudicatario...)

Modifícase a redacción do artigo 73B, apartado 2, no tocante ao prazo da presentación polo debedor da solicitude de fraccionamento.

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 73.- POXA DE BENS.

*Modifícase do punto 6 o paragrafo 3 e engádense os puntos 9 e 10.*

6. A poxa realizarase con suxeición aos criterios seguintes:

- No caso de que as poxas en primeira e en segunda licitación tiveran resultado desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrara a débeda e quedasen bens por enaxenar, continuarase o procedemento co anuncio de venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses contado dende a data de celebración da poxa. Non obstante a Mesa de poxa poderá acordar:

- Adxudicación dos bens inmobles no prazo de tres meses, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses, cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente.

- Por outro lado, a mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens mobles no prazo dun mes, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente.

9. Terminada a poxa ou, no seu caso, formalizada a adxudicación directa, levantarase acta e entregárase aos adxudicatarios a certificación do acta de adxudicación dos bens.

Todos os gastos derivados da adxudicación, incluídos os impostos que graven a transmisión, serán por conta do adxudicatario.

Os adxudicatarios exoneran expresamente o Concello de Vigo, ao amparo do artigo 9 da Lei 49/1960, do 21 de xuño, de Propiedade Horizontal, da obriga de achegar certificación sobre o estado das débedas da comunidade, sendo a cargo dos mesmos a cancelación das débedas pendentes de pago.

10. En caso de impago do prezo de remate polo adxudicatario, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incorrer polos danos e prexuízos que orixine a falta de pago do prezo de remate.

Así mesmo, o adxudicatario non poderá desistir da súa oferta con posterioridade a completar o prezo de remate polo que, se fose o caso, o importe de remate abonado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poderá incorrer o adxudicatario polos danos e prexuízos causados á Administración.

#### ARTIGO 73B.- EMBARGO DE FONDOS DEPOSITADOS EN CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO OU DE DEPÓSITO.

*Modifícase o punto 2.*

2. Excepcionalmente, naquelas contas nas que os únicos ingresos sexan os procedentes de soldo, salario ou pensión e o seu cómputo anual nos últimos doce meses non supere o importe do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), as cantidades que constituísen o saldo da conta con carácter previo ao último ingreso serán equiparadas a soldo, salario ou pensión para os efectos da súa inembargabilidade sempre e cando os embargos efectuados se refiran a débedas tributarias e o contribuínte solicite o fraccionamento de pago con anterioridade ao remate do prazo de vinte días naturais dende o día seguinte á data da traba, aos efectos de que a Administración poida ordenar o levantamento da retención antes de que a entidade bancaria execute o embargo, nos termos

recollidos no apartado 6 do artigo 79 do Regulamento Xeral de Recadación."

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

##### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Modifícase o Epígrafe F do apartado 4 do artigo 4 da:

Ordenanza Nº 30:

Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

#### ARTIGO 4: COTAS

##### 4. Tarifas

Epígrafe F) Postos, barracas, buzóns postais, casetas de venda, espectáculos...

A superficie computable será a que ocupe o posto.

##### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

Modifícase o parágrafo cuarto do artigo 4 da:

Ordenanza Nº 32:

Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao amparo da Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos.

#### ARTIGO 4: COTAS

A superficie computable será a que ocupe o posto ou instalación.

#### DISPOSICIÓN FINAL:

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas".

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que se consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de ordenanzas fiscais propostas, entre estes, a modificación

da Ordenanza Fiscal Xeral.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Imos facer un debate conxunto dos puntos 2 ao 17 como se fixo en plenos anteriores destas características, faremos intervencións de 10 minutos folgadoamente medidos e haberá un peche por parte do Concelleiro de Facenda.

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste Pleno sométense á aprobación os textos das ordenanzas fiscais para o ano 2018, que se caracterizan por manter a política fiscal municipal consistente en conseguir un tratamento equitativo de tódolos os cidadás e de contar cunha presión fiscal moderada ademais de actuar tanto pola vía do ingreso como pola vía do gasto para obter a mellora constante das condicións de vida dos residentes en Vigo. Neste senso quero sinalar en primeiro lugar, que estas ordenanzas fiscais permiten manter o elevado importe dos beneficios fiscais que se contemplan nas diversas ordenanzas fiscais deste Concello, importe elevado que supera con creces os 7.000.000 de euros, polo tanto, unha política tamén de beneficios fiscais a través das ordenanzas fiscais de carácter moi elevado porque supón máis de 7.000.000 euros que deixa de recadar o Concello para adicar directamente ás familias. Neste sento hai que indicar ou quero lembrar que máis de 250 familias se benefician da bonificación do IBI, que máis de 3.700 familias tamén se benefician da exención na taxa de lixo e que por exemplo, se nos referimos ás actividades económicas só 2.200 empresarios dos máis de 40.000 que exercen a súa actividade económica nesta cidade, son os que contribúen no imposto sobre actividades económicas, polo tanto, unha porcentaxe

de bonificacións fiscais elevada para este Concello, todo isto acompañado como non pode ser doutro xeito por unha política de gasto que favorece a política social, facendo fronte aos gastos da política de infancia, do servizo de Axuda no Fogar, da Teleasistencia, do comedor noutros bancos de alimentos, dos centros de Servizos Sociais e sobre todo das axudas ás familias con máis de 6.000 pagamentos realizados no primeiro semestre do ano para atender as necesidades de alimentación, vivenda, auga, de pago de luz e doutros gastos, ademais de tamén como non, de bolsas de comedor para os rapaces/as da nosa cidade e bolsas de libros. Polo tanto, a política de beneficios fiscais a acompañamos tamén cunha política de gasto que atende as necesidades das persoas que residen nesta cidade, que residen en Vigo.

Dicía tamén que esta política fiscal se caracteriza por ter unha presión fiscal moderada, debo repetir aquí, os datos desta semana así o avalan, que temos a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia, polo tanto, mantemos esa liña de presión fiscal, os últimos datos feitos públicos polo Ministerio esta semana din que Vigo ten unha presión fiscal por habitante máis baixa, non só da media nacional, senón tamén da media do rango das cidades, polo tanto estamos por debaixo do que, noutras cidades están cobrando por impostos e tamén o indicador de presión fiscal por inmovible, non só por debaixo da media nacional senón tamén por debaixo da media das cidades do mesmo rango de poboación no contexto do Estado español, polo tanto, manifestamos ese mantemento da presión fiscal por debaixo da media nacional e da media das cidades do noso entorno.

Por outra banda, se temos en conta tamén que o gasto corrente por habitante sumado ao esforzo inversor supera o que pagamos os residentes en Vigo, ese balance da presión fiscal vese reflectido, polo tanto, temos esa presión fiscal de xeito moderado e polo tanto, adecuada para satisfacer as necesidades da cidadanía. Fronte a iso nos atopamos cunha emenda do Partido Popular que o que pretende é baixar sistematicamente os impostos, non sabemos moi ben se para afogar as arcas municipais ou para favorecer a inactividade do Concello, non imos aceptar polo tanto esa emenda de baixada de impostos, non sabemos se o que quere é converter Vigo en algo similar ao que pasou en Madrid coa Sra. Botella, coa folga de lixo e co mantemento dun servizo deficitario deses servizos.

O que pretendemos con esta aprobación das Ordenanzas Fiscais, é manter os bos

resultados económicos do Concello de Vigo como así o acredita a autoridade fiscal independente que ratifica a boa xestión económica que se está a facer neste Concello de Vigo, polo tanto, estamos na boa senda, no bo camiño pero que nos permite non só ter bos resultados económicos senón tamén ter o aval dos cidadáns nos servizos que presta este Concello, os cidadáns de Vigo avalan a calidade dos servizos que se prestan dende este Concello, dende este goberno municipal, polo tanto, este paso é importante tamén porque permite continuar nesa senda de prestación de servizos públicos de calidade e que favorecen a vida de tódolos residentes en Vigo.

Miren, a aprobación das Ordenanzas Fiscais ven caracterizada por diversos factores, en primeiro lugar, quero destacar que temos que cumprir con esta regra que nos guste máis ou non, é o da estabilidade orzamentaria porque deste xeito garantimos cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria que establecen as normas do Estado e que temos que cumprir, hai que ter en conta tamén que nunha variación da economía no que é o IPC interanual de xaneiro a xaneiro é do 3% e no que a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto que fixou o Parlamento do Estado o sitúa nun 2,6%, pero máis relevante é que afrontamos todo isto con ingresos propios, coa nosa solvencia, cos tributos que pagan os cidadáns de Vigo, fronte a outras cidades con maior capacidade de ingresos ou con maiores ratios de ingreso por habitante, porque teñen maior participación polos criterios de reparto na participación dos ingresos do Estado, hai que dicir que a participación redúcese de xeito importante, tanto no fondo complementario de financiamento no que xa o propio Ministerio de Facenda comunicou menores achegas aos concellos e en particular a este Concello de Vigo e tamén polo que refire á participación nos impostos cedidos polo Estado, singularmente no imposto sobre o IRPF. Hai que dicir que a baixada da recadación que produciu a reforma do Sr. Montoro, que a reforma fiscal é polo tanto do Partido Popular, que reduciu en global máis de 7.000 millóns de euros a recadación, en concreto 7.846 millóns de euros da recadación, dos cales 4.800 millóns se atribúen ao IRPF e non son datos meus, son datos da Axencia Tributaria, da memoria da Axencia Tributaria do ano 2015. Polo tanto, eses 4.813 millóns do IRPF que non se ingresan redúcense no financiamento dos concellos, polo tanto, no financiamento dos ingresos do Concello de Vigo, hai que dicir que no Concello de Vigo xa estamos



nunha percepción en torno a 1 millón de euros menos por estes conceptos, polo tanto, é importante saber e os cidadáns así o teñen que saber, que decisións que se toman noutros lugares, en Madrid polo goberno do Sr. Rajoy, afectan a esta cidade, é dicir, a baixada da recadación do IRPF a estamos a pagar os cidadáns de Vigo, polo tanto, menores ingresos tamén para este Concello. A isto hai que engadir tamén outra cuestión, que neste caso non se adoptou en Madrid senón en Santiago de Compostela coa Lei de acompañamento aos Orzamentos da Xunta de Galicia, con ese artigo 69 da Lei que pretende reducir tamén o financiamento na participación dos ingresos da Comunidade Autónoma que se mantén de xeito constante. Con estas condicionantes e para afrontar a revisión de prezos dos contratos que pretenden manter o poder adquisitivo dos traballadores e para manter ese aumento tamén que se experimentou nas bases de cotización, se presentan estas ordenanzas fiscais, tendo en conta que estamos a facer unha aprobación das Ordenanzas Fiscais que nos permiten continuar con esa política de presión fiscal moderada para os contribuíntes de Vigo.

Preténdese aprobar así a Ordenanza Fiscal sobre o Imposto de Bens Inmóveis que pretende continuar con esa política de beneficios fiscais neste imposto por importe superior a 4 millóns de euros, no Imposto sobre Actividades Económicas que permite seguir bonificando o inicio das actividades económicas nesta cidade ao inicio tamén de actividades económicas por sociedades que crean emprego, reducindo o importe desta tarifa e mantense tamén a bonificación no Imposto sobre Vehículos para os menos contaminantes e sobre todo para as motocicletas no que o importe se reduce nun 10%, cumprindo así cos compromisos deste goberno ao inicio da lexislatura, polo tanto, as motocicletas verán reducido o importe a pagar por este imposto nun 10%.

No que se refire ás taxas mantemos en termos xerais a presión fiscal posto que ningunha delas supera o custe do servizo, polo tanto, mantense esa presión fiscal no que respecta ás taxas e o mesmo pódese dicir nos prezos públicos sendo importante dicir que os prezos públicos das escolas infantís se manteñen na súa integridade e mantense esa política de bonificación que permite no curso pasado que a metade dos alumnos que asisten ás escolas infantís teñan a matrícula bonificada, polo tanto, continuamos nesa senda de manter unha presión fiscal moderada, uns ingresos necesarios para afrontar os gastos que ten en fronte este

Concello.

SR. PÉREZ CORREA: Era un presidente do goberno socialista, creo que o Sr. Zapatero, que dicía que a economía non era cartos senón un estado de ánimo, para nós creo que o estado de ánimo das familias viguesas creo que se ilustra máis en cuestións económicas que en cuestións que son puramente sentimentais, polo tanto, creo que este goberno pensa que as familias viguesas ou que a situación económica da nosa cidade é como para bailar a conga as 24 horas e polo tanto propoñer esta subida de impostos, chámenlle como queiran pero isto é unha subida de impostos e taxas públicas. É certo que hai factores que non estarán neste goberno local e non estarán neste Concello as responsabilidades, en todo caso porque o goberno do Partido Popular está obrigando precisamente a eses incrementos, non só a eses incrementos senón que está obrigando a non permitir practicamente poder facer unha política de estudo dos custes dos servizos públicos, e polo tanto, da amortización de determinados incrementos que se dan. A nós nos preocupa, podemos discutir que ten que ser unha subida normal, hai xente que levamos practicamente dous anos discutindo dende que o Partido Popular introduxo no ano 2015 esa Lei de desindexación que dicía que xa non se podía aplicar o IPC aos prezos públicos, entre outras cousas porque o IPC ou unha parte importante da subida, non era un IPC que se podía aplicar a tódolos prezos públicos e falaban da subida importante que case ese 3 e pico por cento de previsión de IPC que ten os custos enerxéticos e por exemplo non sería normal aplicar unha subida dun 3% á subida dos alugueres cando, digamos que a incidencia da enerxía dentro dos alugueres non tería sentido subilo, levamos case dous anos discutindo, o problema é que o Partido Popular, e creo que aí deberíamos falar disto, agora por primeira vez fai un decreto na que se pon xa claramente que non se pode aplicar de maneira directa o IPC aos prezos, taxas e polo tanto, aos impostos públicos. Iso é unha discusión que neste país teremos que resolver porque entre outras cousas non hai ningunha subida salarial pactada na negociación colectiva que estea agora mesmo por enriba, dificultosamente, pero por enriba do 2%, poño por un convenio de referencia que é o convenio do metal da provincia de Pontevedra onde a subida salarial pactada, é certo que calculada cun promedio dos incrementos pactados, dos incrementos do IPC dos últimos tres

anos, vai ser do 1,25%, é dicir, os vigueses/as imos ter unha subida do 2,2% e o convenio de referencia ou un dos convenios que mellores subidas salariais ten, apenas vai subir para o ano 2018 un 1,25%; pois por iso nós pedimos que este ano non se aplique esa subida de 2,2% e nós dicimos si se pode facer, é certo que iso vai quedando nun saco pero que nós o que dicimos é que se conxela, que non se aplique ese 2,2% ata que a situación económica da cidade de Vigo non sexa, como dicía o Ministro Zapatero, un estado de ánimo e sexa unha realidade.

Ademais hai unha cuestión que está aquí nos informes que acompañan á proposta de modificación e creo que é unha novidade polo menos histórica, é a primeira vez que o goberno do Partido Popular, obviamente o goberno local empeza a aplicar os custes dos servizos públicos de maneira directa para calcular esa subida, eu creo que é a primeira vez no informe aparece por exemplo, canto da administración xeral do Concello temos que imputar, por exemplo, á recollida de lixo, esta vez polo menos está detallada por primeira vez e os concelleiros/as temos un informe que di que se aplica, por exemplo, un terzo dos custes administrativos ao contrato do lixo ou que incluso o gasto de calefacción dentro desta casa se imputa aos servizos públicos, a nós iso preocúpanos efectivamente o criterio de establecer o custe efectivo dos servizos, xa sei que é unha cuestión que está sendo debatida incluso na Federación Española de Municipios e Provincias, pero a nós nos preocupa porque cando temos a maior parte dos servizos concesionados a imputación dos custes dos servizos, moitas veces para nós é froito dunha política errónea e poñemos o caso do argumento para subir un 2,2% a auga, o propio informe que vostedes poñen aquí di que a auga ten que subir un 10% aínda, e dino para unha cobertura total do custe cumpre incrementar a tarifa media nun 9,98%, case un 10%. Vostedes, claro, non van subir de golpe a auga e o saneamento un 10%, e esa subida está argumentada nunha serie de custes que tanto a empresa concesionaria como decisións do goberno local vanse imputando ó recibo e os custes que se van imputando a este recibo, ao servizo da auga, hai moitos deles que terían que ter polo menos un control público ou polo menos terían que ser discutidos se iso ten que ver co subministro de auga ou cos servizos que se dan, teríamos que facer auditorías permanentes das concesionarias para saber que custes e que servizos e que actividades están a imputar para que logo vostedes xustifiquen as subidas do servizo, porque claro se un Alcalde decide que Aqualia

paga humanizacións pode ser lexítimo ou non, pero non nos saen gratis aos vigueses, logo significa que vai subir un 10% o recibo da auga porque se considera que determinadas actuacións que non teñen nada que ver co subministro de auga, se imputan ao contrato e polo tanto tamén ao custe dos servizos da auga, está aquí, está no informe os plans verdes de Aqualia, determinadas humanizacións, cousa que non teñen nada que ver subministro, pero logo iso xustifica que teñamos que subir un 10% e neste caso o recibo, non vai subir un 10%, subirá un 2,2% pero ao final a concesionaria estará pedindo que o custe efectivo se asemelle á subida do 10%.

Polo tanto, así pasa con moitas cuestións que hoxe en día que custos vanse metendo aos servizos e que logo repercuten nas subidas, hai concellos que decidiron avaliar as súas concesionarias, hai concellos que decidiron evitar gastos que non teñen nada que ver cos servizos públicos e este ano non aplican esa subida do IPC, deciden conxelado porque ven que a súa economía local aínda non está preparada para permitir determinadas subas impositivas.

Logo hai cuestións no informe, nós presentamos unha batería de emendas e creo que a Dirección Xeral de Tributos se equivoca porque se nos di, nós dicimos que unha perceptora de RISGA non ten xa automaticamente que pagar determinados recibos, se nos di que xa é así e se nos di porque as persoas que estean nun umbral de renda persoal por debaixo dos 3.000 e pico de euros, xa non pagan, pero que hai perceptores de RISGA que están por enriba dese umbral e polo tanto están a pagar, hai unha persoa que recibe unha media da RISGA 420 euros, unha PNC máis un complemento de aluguer xa está a pagar auga e lixo nesta cidade, 4.000 e pico de euros supera nunha renda individual aos 3.000 e pico de euros que figura na ordenanza. E logo hai cuestións que a nós nos preocupan, vostedes van poñer o tipo impositivo do IBI case no límite legal que é o 1,1%, e nós fai un ano avisamos de que efectivamente había unha sentenza xudicial que dicía que os solos urbanos que non tiveran ordenación detallada e que antigamente foran rústicas, é dicir, senón tiñan os servizos tiñan que volver a rústicos e polo tanto, iso podería ter unha incidencia na recadación do IBI que é o imposto ou a parte máis importante da torta de impostos que recadamos neste Concello, se nós acusou por parte da concelleira de Urbanismo, que agora mesmo non esta, que eramos alarmistas e agora no informe nos din que para suplir esa caída de

ingresos no IBI por culpa desa sentenza xudicial, vostedes van poñer o tipo impositivo 0,9% que practicamente é bordeando o límite legal. Polo tanto, Vigo vai ter un dos tipos impositivos do IBI máis altos de España para recadar, para seguir mantendo esa recadación, iso está aí e calquera cidadá pode velo. A nós preocúpanos que puxemos enriba da mesa algunhas propostas que considerábamos que melloraban as cuestións que teñen que ver coas políticas fiscais, danos igual, podemos entender que o Partido Popular pode ter unha política fiscal bastante lesiva para os traballadores, que efectivamente a reforma do IRPF ía a beneficiar ás persoas con máis recursos ou polo menos os grandes capitais deste país, pero é que os concellos progresistas están habilitando cuestións de carácter social para evitar o que significa a política fiscal do Partido Popular, eu creo que este grupo municipal, xa o dixen en ocasións, non se trata de ser os alumnos avantaxados do Sr. Montoro, da tese de débeda cero que ao final o que significa é investimento público cero, en case tódolos concellos que asumen iso, non se trata de dicir que temos ou que hai unha enquisa de calidade feita por entidades privadas que di que temos uns servizos públicos minimamente aceptables, trátase de ver como imputamos custes ou como as concesionarias privadas imputan custes que logo xustifican estas cuestión; eu creo que sería bo antes de abrir incluso o concurso do lixo, auditar que carácter teñen os servizos que están a dar as empresas concesionarias do lixo, o custe medio dun colector porque o custe medio dun colector posto na rúa en Vigo na mesma marca, modelo é moito máis barato noutras cidades e aquí é máis caro? Por que moitas veces se imputan custes laborais dentro das concesionarias e logo non se cumpren á hora de substituír vacacións, á hora de ter cadros de persoal como figuran na lista de traballadores que figuran nos pregos, é dicir, volvemos ao de sempre, auditemos os nosos servizos públicos para logo non ter que imputar determinados custes e prezos que dende logo son inasumibles para moitas familias. Seguimos a pensar que este 2018 non debería subir en absolutamente nin un euro, nin sequera o IPC sen esa desindexación que propoñía o Partido Popular e pedimos outra vez que mentres a situación económica non mellore se segan mantendo os prezos do 2016.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Coa aprobación destas Ordenanzas Fiscais que hoxe traen vostede a este Pleno, novamente, teño que dicirlle que perderon unha gran

oportunidade, unha oportunidade para comezar, para ser xustos cos vigueses, coas familias viguesas, coas empresas viguesas, para axudar en definitiva a tódolos vigueses/as e darlles un respiro despois de todo o esforzo que fixeron ao longo da crise, tamén perderon a oportunidade de trasladar esa tan cacareada boa situación financeira que ten o Concello de Vigo, trasladala aos cidadás, aos veciños e as veciñas de Vigo porque o obxectivo dunha administración e de ter unha boa situación financeira non é outro que os cidadás se vexan beneficiados desa boa situación financeira e vostedes parecen que se resisten a trasladar esa boa situación financeira a tódolos vigueses, parece que o único que lles interesa desa boa situación financeira é o titular, a publicidade e a propaganda, pero ao final o último no que pensan é mellorar a calidade de vida e dar ese respiro aos vigueses, subir a súa renda dispoñible e permitir que sexan eles os que gasten e non a administración.

Tamén perderon a posibilidade de sumarse a outras administracións que están tomando decisións de baixada de impostos agora que se está empezando a recuperar a economía, baixáronse os impostos estatais, os impostos autonómicos, están a baixar os impostos outros concellos de España, están a baixar para darlle un respiro aos seus veciños e nós imos á contra, por exemplo, no Imposto de Bens Inmóveis das 20 grandes cidades de España, a vostedes que lles gusta tanto saír primeiro nos rankings aquí tamén o conseguiron, das 20 cidades máis grandes de España, Vigo é a que ten o tipo impositivo do IBI máis alto, iso é o que vostedes están a conseguir e non se conforman con iso senón que queren aínda máis.

Polo tanto, perden esa oportunidade, moitas oportunidades ao longo destes anos se coa decisión destas ordenanzas fiscais e toman unha decisión que é contra os vigueses, a decisión de subir impostos que é exactamente porque vostede segue co eufemismo Sr. Aneiros da actualización, non, vostedes van subir os impostos aos vigueses un 2,2% para o ano 2018 igual que llos subiron para o ano 2017 e perden esa oportunidade e toman unha decisión que vai en contra dos vigueses e en contra da persoas que ademais non ten ningunha xustificación económica, que non ten ningún sentido común e que dende logo o que mostra é que vostedes só son capaces de facer o mesmo ano tras ano, porque non teñen ningunha política tributaria e non están a utilizar a política tributaria como hai que utilizala para atender as persoas e non é o peor que suban os impostos, o peor é para que van

subir os impostos, porque lles lembro que temos case 100 millóns de euros na caixa do Concello, porque lle lembro que ano tras anos vemos como son vostedes incapaces de gastarse o Orzamento e temos excedentes de 20 millóns, de 30 millóns de euros porque os vigueses pagan puntualmente os seus impostos e vostedes puntualmente e anualmente son incapaces de empregar eses cartos en darlles mellores servizos, case 100 millóns de euros en caixa, máis de 20 millóns de euros ao ano en superávit, ese do que tanto presumen e o que significa é que deixan sen gastar cartos que puntualmente están a recadar dos vigueses/as, porque unha boa administración é a que gasta o que ingresa, a que lle devolve aos cidadáns bos servizos o que pagan ano a ano, exactamente ao contrario do que están vostedes facendo. E para que soben os impostos? Temos un bo servizo de transporte? Non temos un bo servizo de transporte, pregúntelles aos vigueses do rural que tardan unha hora en chegar ao centro de Vigo e outra hora para volver, pregúntelle aos vigueses que queren ir ao Álvaro Cunqueiro e a pesar diso que temos? Temos o bono bus máis caro das cidades de Galicia, o bono bus ordinario, pagamos máis polo transporte e temos un peor servizo, temos uns parques e xardíns coidados? Non, a cidade está descoidada como nunca, cos traballadores de parque e xardíns facendo folga, denunciando a precariedade na que están e denunciando tamén a precariedade do servizo que se está a prestar. Temos unha boa recollida de lixo? Estamos aproveitando para ser pioneiros en políticas de reciclaxe, en políticas de xestión de residuos? Non, soben vostedes a taxa do lixo unha vez máis, cando van ter este ano un aforro de 4 millóns de euros que son incapaces de devolverlle aos veciños e van licitar un novo contrato. Antes de saber a canto se vai a adxudicar ese novo contrato, collen vostedes e xa soben a taxa do lixo.

Temos boas medidas de apoio aos mozos da nosa cidade, boas políticas de emprego, temos boa política social, non, non e non, en definitiva soben vostedes os impostos para non dar mellores servizos aos vigueses, de que lles serve aos vigueses estar a pagar puntualmente cada ano máis que o ano anterior, e non temos mellores servizos porque a vostedes non lles interesa porque a vostedes o único que lles importa é a publicidade e a propaganda, 123 vigueses opinaron sobre eses servizos e lle recomendaría á Sra. Marra que tanto peito quita que nin sequera nesas 123 vigueses conseguiu ter unha boa nota ao transporte público

desta cidade.

Así que hai que ser un pouco máis humilde e hai que adicarse ao que hai que adicarse, a realidade é que os vigueses cada ano pagan máis impostos que o ano anterior, a realidade é que os vigueses que nestes días estamos a recibir o recibo do IBI por moito que vostedes quixeran publicitar outra cousa e falar de conxelación teñen un recibo do IBI máis alto que o ano pasado, e o ano que ven terán un recibo do IBI máis alto que este ano e así con tódolos impostos, a realidade é que temos os impostos máis altos de toda a área metropolitana, que os vigueses, as familias viguesas vanse vivir a concellos da área metropolitana porque aquí estalles a fritir a impostos, pero non se van, vostedes os están a botar, a realidade é que as empresas estanse indo a concellos da área metropolitana porque aquí estanos a fritir a impostos e non se van, os botan, ás empresas estanas a botar igual que están botando de Vigo ás familias. En definitiva están vostedes a facer o contrario do que deberían facer e ademais eses maiores impostos, estamos a pagar a súa mala xestión, estamos a pagar 8 millóns en sentencias, o sobrecoste de Balaídos, de parques e xardíns, en definitiva, as súas desfeitas as pagan os vigueses do seu peto, nós cremos que se poden facer as cousas doutras maneira e por iso presentamos unhas alegacións, novamente, a esas ordenanzas fiscais porque cremos que é necesario e porque cremos que os vigueses se merecen pagar menos impostos no ano 2018, merécese algo máis dende logo do que vostedes están a poñer enriba da mesa, vostedes queren subirnos o IBI un 2,2% e nós propuxemos que os vigueses paguen un 3% menos de IBI o ano que ven. Vostedes queren subirnos o imposto de vehículos un 2,2% e nós propuxemos que se baixe o 3% o imposto de vehículos para o ano que ven, vostedes queren subirnos a taxa de lixo o 2,2% e nós propuxemos, porque se pode facer, porque é lóxico e razoable que se baixe un 25% a taxa da lixo, porque vostedes queren volver a subirnos a auga para o ano que ven un 2,2% e nós propuxemos que nos cobren a auga por consumo real, que apliquen bonificacións aos que menos teñen e que apliquen bonificacións ás familias numerosas, a así podería seguir coa baixada de impostos do 3% que propuxo o Partido Popular, e é posible Sr. Aneiros, 100 millóns de euros en caixa, para que os queren? Parécese vostedes cada vez máis ao Tío Gilito rodeado de bolsas de cartos que non quería gastar en ningún caso. Queremos que a Universidade de Vigo teña bonificacións de



impostos, e non a ten nestas ordenanzas fiscais tampouco, queremos que haxa bonificacións nas empresas que se queiran instalar en Vigo, para que creen postos de traballo, en definitiva queremos utilizar a política tributaria para darlles un respiro a tódolos vigueses, xa sei que vostedes negarán todo, volveran seguir pola súa senda e dirán que hai enquisas de 123 vigueses que lles da fenomenal e valoran moi ben, pois ben, tamén hai enquisas que lle poñen un 8,6 ao hospital público Álvaro Cunqueiro e seguramente vostedes seguirán criticando o hospital cando é un secreto a voces nesta cidade que foi un antes e un despois na sanidade pública viguesa. Vostedes presumen do que non teñen, intentan enganar aos vigueses pero non se pode enganar a todo o mundo todo o tempo, chega un momento en que se dan conta de cal é a realidade e a realidade é que imos pagar máis impostos no ano 2018, que nos volven subir os impostos e que nos volven a sangrar con impostos, a realidade é que vostedes van a tentar contra os vigueses no ano 2018 novamente a través dos impostos e lle deixo unha pregunta que espero que me poida contestar Sr. Aneiros, non será que esa situación financeira é aparente e non é real? Non será que están facendo vostedes unha bolsa para pagar o rescate do Auditorio Mar de Vigo? Non será que están vostedes a facer unha bolsa para pagar o rescate dos aparcadoiros de Rosalía de Castro? Non será que hai débeda oculta no Concello de Vigo e por iso necesitan ter os cartos en caixa para atender o que nos vaia a caer? Mire, Sr. Aneiros, o primeiro é que hai que pensar nas persoas e hai que pensar nos cidadás e os cidadáns mérecense, os vigueses mérecense que vostedes lles baixen os impostos, nós dende o Partido Popular seguiremos insistindo porque cremos que é o mellor para eles e nós queremos o mellor para os vigueses.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que despois desta réplica, os cidadáns de Vigo teñen unha conclusión clara, teñen un goberno serio, solvente e rigoroso e unha oposición pouco formada e informada, iso é o que quedou claro despois destas réplicas neste debate. Mire, nós non temos unha concepción de que isto sexa unha empresa privada Sra. Muñoz, de que esa caixa que vostede di que son de 100 millóns, xa me gustaría a min ter unha caixa de 100 millóns, haxa que repartila aos cidadás pero do que non se decata vostede é para que serve a política fiscal, a política fiscal que fai este goberno redistribúe os ingresos para satisfacer as

necesidades da cidadanía, é unha política redistributiva onde máis de 7 millóns de euros son beneficios fiscais ás familias, ás persoas que residen nesta cidade, ás viguesas/es que residen nesta cidade.

Vostede se preguntaba a que se adica os cartos deste Concello, vostede parece que non sae á rúa, que non le o que se aproba en Xuntas de Goberno, que non le o que fai este Concello, este goberno municipal, pois mire, bolsas de inglés, campamentos de verán, plans de emprego, investimentos na cidade, axudas ás políticas de Benestar, diversión para a cidadanía, evidentemente, festas de verán excelentes, a iso adicamos a política fiscal deste concello, redistribuímos a riqueza cos cidadáns, pero a maior incoherencia é que non sabemos si o Partido Popular de Vigo é o mesmo Partido Popular doutras cidades ou doutras localidades, non me gusta facer alusións directas pero gustaríame que vostede lle dixera ao Alcalde de Baiona que anuncio que vai subir o IBI e a taxa de recollida de lixo que lle dixera o mesmo que dixo neste Pleno porque non sabemos se é o mesmo Partido Popular ou se é outro Partido Popular, ou se o Partido Popular de Vigo é o mesmo Partido Popular que cando gobernaba Madrid coa Sra. Botella, xerou unha folga de lixo sen precedentes na historia, que negociou un contrato de recollida de lixo en Madrid sen precedentes na historia que deixa a cidade limpa, en Vigo temos escobas de platino, temos a cidade limpa, máis limpa de España, polo tanto, os mellores servizos públicos desta cidade que nunca vin e deste estado. Sra. Muñoz vostede non só non le o que aproba este goberno, non só non le as informacións oficiais do Ministerio senón que tampouco parece que le os xornais, o pasado 29 de agosto, hai que ler os xornais en agosto tamén, facíase referencia a que os servizos urbanos de Vigo son os septos máis valorados entre as grandes cidades do país, isto é un aval á política deste goberno municipal, os servizos públicos de Vigo son servizos públicos de calidade, servizos que satisfacen as necesidades dos vigueses, a isto adicamos os ingresos deste Concello, Sra. Muñoz, lea e documéntese. Pero lea e documéntese tamén de informacións oficiais porque vostede segue cos mantras de que temos unha presión fiscal alta, de que sangramos, en fin, dunhas serie de cuestións que xa nin quero reproducir, o Ministerio de Facenda fixo público hoxe mesmo, con datos da liquidación do 2016, cal é presión fiscal dos distintos concellos e cales son os ingresos dos diferentes concellos, aquí se observa que Vigo ten unha presión fiscal moderada, polo tanto

adecuada ás necesidades desta cidade e tamén se observa esa caída na recadación, no estado, insisto, Memoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria do ano 2015, que cuantifica a perda recadatoria da reforma fiscal en máis de 7.000 millóns de euros, dos cales 4.000 millóns son do IRPF que polo tanto, afectan a esta cidade.

As empresas non se van, aquí temos máis de 40.000 empresas, o que non é adecuado é a política de que “invito eu” que fai o Partido Popular e que pague outro como propón o Ministro, o Conselleiro de Industria que os concellos asuman o custe da implantación das empresas.

E respecto da auga que tamén lles gusta falar moito, vostedes cando gobernaban non cambiaron a tarifa da auga, sendo Concelleiro de Facenda, o Sr. Guerra, non se modificou a tarifa da auga por que? Porque sabían que modificar a tarifa da auga supoñía subirille a auga aos vigueses e ás empresas de Vigo. A OCU no seu estudo, sitúa a Vigo entre as cidades que non teñen a auga máis cara de España, fíxense aí abaixo non a ven pero ao mellor achégome e ensínolla, non somos a cidade coa auga máis cara de España, vostedes cando gobernaban non cambiaron a tarifa da auga.

**VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR:** Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font,

Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar a emenda presentada.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

### **3(118).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EJERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE: 2400/500. (1591/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 18.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

Condicionantes xerais

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasisímo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### Condicionantes específicos

Polo que se refire ao Imposto sobre Bens Inmóbiles (IBI), hai que ter en conta que, en data 30 de maio de 2014, recae Sentenza do Tribunal Supremo 2159/2014 na que se determina que os bens inmóbiles situados en solos urbanizables só poden valorarse catastralmente como solos urbanos se dispoñen dun planeamento de desenvolvemento que conteña a súa ordenación detallada. Isto é, non basta

con que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, senón que é necesario que estea aprobado o instrumento urbanístico que conteña a súa ordenación detallada.

A aplicación do criterio establecido na cita STS, deu lugar á Lei 13/2015 de 24 de xuño de reforma da Lei Hipotecaria aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 e do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, implicando que os solos urbanizables sen ordenación detallada deixan de figurar como bens de natureza urbana.

A citada Lei modifica a letra b) do apartado 2 do artigo 7 do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario limitando a consideración de bens de natureza urbana para os solos urbanizables que estando incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, contén con Plan Parcial aprobado ou outro instrumento con determinacións de ordenación detallada:

*“b) os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística aprobados prevean ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, sempre que se inclúan en sectores ou ámbitos espaciais delimitados e se teñan establecido para eles as determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada, de acordo coa lexislación urbanística aplicable”*

A aplicación desta medida legislativa supuxo, en Vigo, dende o exercicio 2016 unha minoración importante na carga tributaria deste imposto para os titulares catastrais dos solos urbanizables sen ordenación detallada. Consecuente e paralelamente, produciuse unha minoración na capacidade recadadora total do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Desapareceron do padrón de bens inmóveis de natureza urbana e quedaron incluídos no padrón de bens inmóveis de natureza rústica todos os solos urbanizables do término municipal que carecen da citada ordenación detallada ou pormenorizada, e o seu valor catastral foi reducido e determinado *“mediante a aplicación dos módulos que, en función da súa localización, se estableceron por orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas”* (Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra o valor unitario resultante no Concello de Vigo foi de 1,083 €/m<sup>2</sup>).

Compre ter en conta o importe do “orçamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das exencións recollidas nos artigos 62, 73 e 74 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e outra Lexislación sectorial supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os catro millóns de euros. A aquelas compre engadir as bonificacións potestativas que se aplican neste Concello a familias numerosas, a centros sanitarios da titularidade do SERGAS creados con posterioridade a 2007 e a bonificación do 3% polo pagamento deste imposto en dous prazos (maio e novembro).

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

#### Modificacións na Ordenanza

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos tipos de gravame e non na base imponible. O Concello de Vigo non ten solicitado a aplicación do coeficiente de actualización dos valores catastrais que podería incluírse na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e implicaría unha actualización destes dun 8 por cento. Con este coeficiente (1,08), os valores catastrais no Concello de Vigo situaríanse en torno ao 50 por cento do valor de mercado. No seu lugar, óptase por unha medida cunha incidencia cuantitativamente moi inferior neste imposto e máis progresiva na medida na que a base imponible (valor catastral) ten repercusión ou serve de referencia para outros tributos.

Deste xeito conséguense dous obxectivos: Respetar o mandato de progresividade que se establece no artigo 31 da Constitución e que consiste en que quen teña máis capacidade económica debe contribuír nesa medida á cobertura do gasto público e, evitar un incremento xeneralizado dos valores catastrais que podería ter efectos regresivos para os contribuíntes

Segundo o anterior, a modificación proposta actualiza nun 2,2% os tipos impositivos de Bens Urbanos e BICES. Igualmente, actualízanse na mesma porcentaxe do 2,2% os ingresos brutos que constitúen a base para determinar a bonificación de familias numerosas.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES” (2), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### ARTIGO 5.- EXENCIÓNS.

*Engádese un novo paragrafo d)*

d) Os bens inmobles da titularidade de entidades incluídas na Lei 49/2002 de 23 de decembro de Réxime Fiscal de Entidades sen fins Lucrativos e dos incentivos fiscais ao Mecenazgo, nos términos da citada lei.

## ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS.

*Modifícase o parágrafo punto 3.*

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% ou 50% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

a) Se os importes brutos anuais dos membros da familia numerosa, no exercicio fosen iguais ou inferiores a 6.360 €, a bonificación será do 90%.

b) Se os ingresos estiveran entre 6.361 € e 8.130 €, a bonificación será do 50%.

## ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

*Modifícase do artigo 8 o seguinte:*

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,901%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,677%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,831%

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,914% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:

CÓDIGO-USO	V.CATASTRAL	TIPO
I-industrial	igual ou superior a 125.000€	0,914
C-comercial	igual ou superior a 125.000€	0,914
G-ocio e hostalería	igual ou superior a 175.000€	0,914
O-oficinas	igual ou superior a 125.000€	0,914
A-almacenamento estacionamento	igual ou superior a 100.000€	0,914
K-deportivo	igual ou superior a 450.000€	0,914
T-espectáculos	igual ou superior a 175.000 €	0,914

## DISPOSICIÓN FINAL 2ª.

2ª Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018 permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.”.

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.



## EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo** achega escrito de presentación das emendas. En relación á Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles propón as seguintes emendas.

6ª.-

Non incrementar o tipo de gravame para os bens urbanos, rústicos e BICE's (que pasan nesta proposta do 0,882%, 0,662% e 0,813% a 0,901%, 0,677% e 0,831%).

*Xustificación: Para o caso do IBI urbano colocaría a Vigo preto do máximo legal 1,1% sendo posiblemente o tipo de gravame máis alto das grandes cidades do estado. Non se pode xustificar pola sentenza que obriga a volver a rústicos os terreos urbanos sen ordenación detallada un incremento do gravame polo que propoñemos manter os gravames de 2017 e iniciar o estudo da redución dos mesmos ao ser excesivamente altos.*

7ª.-

Proposta de novo artigo na ordenanza fiscal número 2, regulamentadora do imposto sobre bens inmóbles:

- Establecerase un gravame sobre as vivendas baleiras desocupadas con carácter permanente no IBI do 50%, en base á Lei de Facendas Locais dende xaneiro de 2003 que no artigo 72.4, que establece o seguinte: *“Tratándose de inmuebles de uso residencial que se encuentren desocupados con carácter permanente, por cumplir las condiciones que se determinen reglamentariamente, los Ayuntamientos podrán exigir un recargo de hasta el 50% en la cota líquida del impuesto”.*

8ª.-

### ARTIGO 6. BONIFICACIONES

Sistema de bonificación do 50% da cota para as vivendas (excepto das de nova construción) que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía solar para autoconsumo sempre e cando a instalación sexa realizada polo suxeito pasivo con carácter voluntario e non responda a obrigacións derivadas da normativa vixente.

9ª.-

Establecemento de penalización aos propietarios de solares urbanos consolidados que non cumpran co deber de edificar e, rebaixar o límite do valor catastral para poder ser gravados, até co dobre da cota do IBI.

10ª.-

Penalización aos propietarios que non conserven ós seus inmóbles e provoquen a posterior declaración de ruína duplicando a taxa de declaración de ruína.

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmóbles; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

Finalmente, en relación á Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles propón a seguinte emenda específica:

- a. O 95% de bonificación a favor de inmóbles de organismos públicos de investigación de os de ensinanza universitaria, e en particular á Universidade de Vigo.
- b. O 95% de bonificación para os inmóbles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de mantemento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da Corporación.
- c. O 90% nos inmóbles de características especiais.
- d. O 50% de bonificación nos bens inmóbles que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite

ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago

Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

#### **4(119).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. EXPTE: 2398/500. (1592/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 18.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

Condicionantes xerais

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha*

*posición de equilibrio ou superavit presupuestario”.*

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

Condicionantes específicos

Polo que se refire ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, a súa capacidade recadadora ven diminuíndo nos últimos anos pola redución do número de turismos das categorías de maior potencia, así como do número de vehículos da categoría camión ou vehículos industriais e de servizos.

Amais do anterior, o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir os beneficios fiscais deste imposto van en continuo crecemento: Bonificacións por baixa emisión de CO<sub>2</sub>, vehículos híbridos, eléctricos, exención en vehículos históricos, vehículos para persoas de mobilidade reducida e os conducidos por persoas con discapacidade, vehículos oficiais, sanitarios e outros recollidos no

artigo 93 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais. No exercicio 2017, o importe dos beneficios fiscais por este imposto ascendeu a 1.660.000 €

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

#### Modificacións na Ordenanza

Tendo en conta o exposto, plantease unha redución do 10% das tarifas relativas a motocicletas de todas as categorías fiscais así como un axuste dun 2,2% nas restantes tarifas do artigo 6.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA” (3), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### ARTIGO 6.- COTA

*Modifícase o punto 1.*

1. O imposto esixírase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS	COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	22,70 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	63,10 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	136,90 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €

  

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	156,25 €
B.2. de 21 a 50 prazas	227,00 €
B.3. de máis de 50 prazas	283,80 €

C. CAMIÓN	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	79,70 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	156,25 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	227,00 €
C.4 de máis de 9999 kg. de carga útil	283,80 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	30,20 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	48,40 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	145,00 €

#### E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA COTA ANUAL

E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	33,10 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	52,10 €
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	159,35 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	4,42 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	4,42 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	10,10 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	22,60 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	45,15 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	90,25€

#### DISPOSICIÓN FINAL 2ª

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.”.

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presente as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal Reguladora sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

11ª.-

Non aplicar a suba do 2,2% no 2018 nas cotas anuais para turismos, autobuses, tractores, remolques e semiremolques ao igual que se vai realizar coas

motocicletas de ate 125 cc. de cilindrada.

12ª.-

ARTIGO 4.- EXENCIÓN E BONIFICACIONES  
(APARTADO 5)

Engadir bonificación do 100 por 100 ós vehículos da clase “turismo” ou “motocicleta” con antigüidade mínima de 25 anos....

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago



Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

## **5(120).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EJERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE: 2401/500. (1593/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 18.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

Condicionantes xerais

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos

Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### Condicionantes específicos

Polo que se refire ao Imposto sobre Actividades Económicas, hai que ter en conta que a capacidade recadadora deste tributo límitase ás actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas cun unha cifra de negocios superior a un millón de euros. Diante de case 40.000 inscricións na Matricula de Actividades Económicas, só 4.000 aportan ao orzamento municipal por este imposto..

Amais do anterior, compre ter en conta o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das bonificacións por inicio de actividade, por creación de emprego, cooperativas fiscalmente protexidas e outros supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os douscentos cincuenta mil euros.

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

## Modificacións na Ordenanza

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

#### ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

*Modifícase o punto 1.*

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	3,21
2ª	3,00
3ª	2,84
4ª	2,61
5ª	2,43
6ª	2,21

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.”

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presenta as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre

## Actividades Económicas:

### 13ª.\_

Non aplicar a suba do 2,2% no 2018 na escala de coeficientes que ponderan a situación física do local

### 14ª.-

#### ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS E REDUCCIÓNS

Inclusión dunha escala de bonificacións a aquelas empresas que, obrigadas ao pago do imposto, acrediten un incremento de plantilla mediante contratación indefinida no ano anterior (a acreditar mediante presentación dos TC1 e TC2):

<i>Incrementos entre o 1 e o 10%</i>	20%	
<i>Incrementos superiores ao 10%</i>		30%
<i>Incrementos superiores ao 20%</i>	40%	
<i>Incrementos superiores ao 30%</i>	50%	

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

## 2. No que atinxe ao IAE:

- a. Bonificación do 50% durante os cinco primeiros exercicios seguintes o de inicio da actividade (actualmente está no 30%) para os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial, e tributen por cota municipal.
- b. Bonificación do 50% (actualmente está no 35%) na cota do Imposto

para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, o porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo anterior.

- c. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e utilicen ou produzan enerxía a través de sistemas renovables ou de coxeneración, realicen a súa actividade nas zonas menos poboadas do municipio e establezan plans de transporte para os seus empregados.
- d. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e teñan unha renda ou rendemento neto da actividade negativos ou inferiores á cantidade que determine a ordenanza fiscal, a cal poderá fixar porcentaxes e límites en función de cal sexa a división, agrupación ou grupo de tarifas do imposto no que se clasifique a actividade económica realizada.
- e. Bonificación do 95% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da corporación.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

**6(121).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE. EXPTE: 2402/500. (1594/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 18.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a administración do Concello e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a instancia de parte”, que figura no presente expediente.

Condicionantes xerais.

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación, fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.



A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

Condicionantes específicos.

*Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL "O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga"*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo para o exercicio 2018 ascendería a un total de 1.190.187,24 € (917.463,28 € do Concello e 272.723,96 € da Xerencia de Urbanismo) e a estimación de ingresos, a 290.000 € para os servizos prestados polo Concello e 50.000 € para os prestado pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

Modificacións na Ordenanza.

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas nun 2,2% do artigo 5 así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte estaría exento desta taxa.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO E A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, A INSTANCIA DE PARTE ” (10), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

### ARTIGO 3.- EXENCIÓNS

*Modifícase o punto 1.*

1. Estarán exentas da taxa de compulsión de documentos necesarios para acceder ao mercado laboral, as persoas desempregadas empadroadas en Vigo, circunstancias que deberán acreditar no momento da solicitude da compulsión.

### ARTIGO 5.- BASE COTA TRIBUTARIA.

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ao Padrón Municipal de Habitantes:

a. De ata 5 anos de antigüidade	2,35 €
b. Superior a cinco anos ata dez	4,70 €
c. De mais de dez anos	12,55 €

2. Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	10,30 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,55 €

3. Restantes certificados:

a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina	2,35 €
b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de	1,55 €

4. Copias de planos:

a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados

- DIN A-4	1,95 €
- DIN A-1	3,85 €

- Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de 9,80 €

b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:

- De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).

- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráse a tarifa deste epígrafe 4.b).

Por cada Plano 1,55 €

c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- De ata tres anos de antigüidade, por un plano. 10,30 €

- Por cada ano ou plano máis, un recargo de 1,55 €

5. Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina

A4 0,55 €

A3 0,60 €

b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina

A4 0,70 €

A3 1,15 €

c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina

A4 0,90 €

A3 1,30 €

d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina

A4 1,10 €

A3 2,10 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6. Verificación de poderes:	
a Validación de poder, por cada un	10,30 €
b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha	4,45 €
c. Simple recoñecemento de sinatura	2,70 €
7. Fotocopias:	
a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,	
- por cada páxina A4.	0,15 €
- por cada páxina A3	0,60 €
b. Compulsa de documentos	
- Primeira páxina	1,55 €
- Por cada unha das restantes	0,60 €
8. Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
- Por cada exemplar	4,50 €
9. Solicitude para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a. Por cada unha dos grupos A e B	36,05 €
b. Por cada unha dos grupos C, D e E	20,15 €
10. Informaci3ns ou consultas urbanísticas:	
a. Informaci3n ou consulta urbanística com3n	15,00 €
b. Informaci3n ou consulta urbanística especial	49,90 €
11. C3dulas urbanísticas	49,90 €
12. Expedici3n de duplicados de tarxetas para estacionamento en prazas de aparcamento de discapacitados, por motivo de extravío.	10,10€
13. Expedici3n de informes/partes de servizo da Policía Local, Bombeiros e outros servizos do Concello sempre que estes informes excedan das actuacións propiamente administrativas por ter que realizar visitas de campo, desprazamento de patrullas, etc.	47,45
14. Expedici3n de informes relativos a accidentes de circulaci3n realizados pola Policía Local.	104,65 €
15. Expedici3n de xustificante de empadroamento.	(*)
(*) (Servizo facilitado gratuitamente na Web do Concello: <a href="http://ww.vigo.org/sede/electr3nica/tr3mites_m3is_com3ns">ww.vigo.org/sede/electr3nica/tr3mites_m3is_com3ns</a> )	
16. Informes de car3cter estritamente administrativo das diferentes 3reas do Concello. Inclúense neste apartado, inspecci3ns de carabinas de aire comprimido, informes da Policía Local sen desprazamentos de efectivos e similares.	10,30 €
17. Expedici3n da Autorizaci3n Especial para a circulaci3n de veh3culos con MMA	

superior a 10TM que circulen fóra das rutas sinaladas no Anexo da Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de mercadorías nas vías urbanas;

Por cada vehículo e ano ou fracción. 9,95 €

18. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados. 46,20 €

19. Expedición de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987) 56,50 €

20. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos informatizados. 56,50 €

21. Certificación de Informes sobre estado de tramitación de expedientes urbanísticos non dispoñibles en arquivos informatizados (anteriores a 1987). 66,85 €

22. Comunicacions sobre transferencias ou transmisións de licenzas tanto de Construcións, Instalacións e Obras como de Actividades. (Ordenanzas 50 e 51). 47,15 €

23. Certificados relativos á recadación de tributos (\*\*):

a. Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade 10,70 €

b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de 1,55 € (\*\*). Servizos facilitados gratuitamente na Web do Concello: [www.vigo.org/sede](http://www.vigo.org/sede) electrónica/trámites e procedementos/facenda

24. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros. 3,85 €

25. Á edición completa das ordenanzas fiscais, urbanísticas ou documentación relativa a planeamento urbanístico, así como calquera outra publicación do Concello aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custo da edición que se xustificará diante da Intervención de Fondos. Así mesmo, aplicaráselle a tarifa que resulte de cubrir o custe coa xustificación antedita, no suposto de expedición de documentación en soporte informático.

a. Documentos en soporte dixital ata 100MB 22,25 €

b. Documentos en soporte dixital de mais de 100MB 44,45 €

26. En supostos especiais, a obtención de copias de documentos en soportes distintos de papel, tales como discos, filmacións, etc. serán obxecto de taxa por importe igual o custe ocasionado por tal expedición.

## DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor ao día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas”

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presenta as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos a Instancia de Parte.

28ª.-

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto

sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

Condicionantes específicos.

Aínda que, o artigo 44.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prescribe que “o importe dos prezos públicos debера cubrir como mínimo o custe do servizo prestado”, o Concello continúa fixando prezos públicos por debaixo do seu custe por entender que existen “razóns sociais...e culturais ou de interese público que así o aconsellan” (artigo 44.2 do citado TRLRFL).

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custe previsto para 2018 ascendería a 9.738.699,64 € e os ingresos previstos para o citado exercicio serían de 2.393.041 €

Modificacións na Ordenanza.

Actualízanse as tarifas dos artigos dos apartados 9, 10, 11, 12 e 13 nun 2,2% e, nesta mesma porcentaxe no artigo 5, os importes dos ingresos brutos per capita por debaixo dos que un contribuínte ou familia estarían exentos destes prezos públicos.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO :

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTES ARTIGOS DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES” (52), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:.

ARTIGO 5. REDUCIÓN NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS).

*Modifícanse no apartado A) o punto A.2),*

A) Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza:

A.2 Os usuarios participantes no Programa Municipal de escolas deportivas conforme ao que segue:

A.2.1 Os alumnos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.



A.2.2 Os alumnos membros de familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.360 €.

- Os Ingresos Brutos anuais per cápita a que se refiren os apartados A.2.1 e A.2.2 anteriores calcularanse dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dunha persoa cun grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

#### ARTIGO 9. PREZOS PÚBLICOS PARA ESPECTÁCULOS, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS.

##### A) ESPECTÁCULOS.

En todas as instalacións.

- 1 día	4.308,00 euros + iva
- ½ día	2.412,00 euros + iva
- Aluguer escenario	21,54 euros m <sup>2</sup> + iva

##### B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día	602,00 euros + iva
- ½ día	345,00 euros + iva

##### C) ESPECIAL.

Para montar e desmontar

Hora	39,00 euros + iva
------	-------------------

#### ARTIGO 10. PREZOS PÚBLICOS PARA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS.

##### 1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

*Modifícanse os apartados a) e c)*

a) PAGAMENTO DE RESERVA DE TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva. Este pagamento só se realizará ao comezo da tempada.

##### a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	215,40 €
1ª Categoría (un só equipo)	86,15 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	129,25 €
2ª Categoría	64,60 €

a.2.- EQUIPOS NON FEDERADOS 86,15 €

##### c) BONOS DE PARTIDOS EQUIPOS CON CONTRATO TEMPADA.

Poderán solicitar bonos de partidos de tempada as entidades deportivas que teñan vixente “contrato de tempada” ou o tiveran na tempada anterior.

O bono é individual por equipo e emitírase segundo o número de partidos da competición.

Prezos dos Bonos:

Categoría	Prezo*
Categoría especial	64,60 €/partido
1º Categoría	30,10 €/partido
2º Categoría	14,55 €/partido
1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,55 €/partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,30 €/partido

\*Aplicarase un desconto do 10% no prezo do bono se o pago se realiza entre o 1 de setembro e o 31 de decembro.

A partir do 1 de xaneiro os importes pendentes de pago pasarán a tramitarse por vía executiva.

## 2. COMPETICIÓNS - EXHIBICIÓNS, CAMPUS E OUTROS TORNEOS: (sen tempo límite)

Instalación	Sen taquilla	Con taquilla
Pavillón Central	51,65 €/hora	86,15 €/hora
Outras Instalacións e campos de fútbol	30,10 €/hora	51,65 €/hora

Squash, Tenis, Frontón e Pádel	Sen taquilla	Con taquilla
Catg Esp. e 1ª Cat	10,20	16,85
2ª Categoría	7,95	13,30

Piscinas Cubertas:	Sen taquilla	Con taquilla
Catg Esp. e 1ª Cat	129,80	153,30
2ª Categoría	87,90	105,25

## 3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

### a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/partido	Con taquilla €/partido
Categoría especial	68,90	163,70

### b) OUTRAS INSTALACIÓNS €/partido

Categoría especial	64,60
1ª Categoría	30,10
2ª Categoría	14,55

No caso de que a utilización da pista para partidos de F 7/8 e voleibol sexa compartida aplicaranse os seguintes prezos:

1ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	14,55 € partido
2ª Categoría en pista compartida (F 7/8 e voleibol)	7,30 € partido

#### 4. ADESTRAMENTOS. (entidades federadas)

a) PAVILLÓN CENTRAL €/hora  
Categoría especial e 1ª categoría 12,90

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.  
Pista enteira Pista compartida

- Categoría especial e		
- 1ª categoría.	8,10	6,00
- 2ª Categoría	5,55	4,35

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS €/hora

1ª Categoría (un equipo)	4,70
2ª Categoría (un equipo)	2,60

d) PISTAS DE SQUASH. Prezo pista

- Categoría especial e 1ª categoría.	6,00 €/hora
- 2ª Categoría	4,35 €/hora

e) PISCINAS CUBERTAS. prezo por rúa

- Categoría especial e 1ª categoría.	6,00 €/hora
- 2ª Categoría	4,35 €/hora

#### ARTIGO 11. PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

##### 1. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	3,15 €
1.2 Menores	2,25 €

##### 2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	29,35 €
2.2. Menores	19,85 €

##### 3. TENIS E FRONTÓN E PÁDEL.

###### 3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,70 €	42,45 €
b) 4 Xogadores	5,55 €	49,85 €

###### 3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	3,15 €	28,90 €

b) 4 Xogadores      4,70 €                      42,45 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	€/hora
Instalacións cubertas	2,20
Instalacións descubertas	1,45

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dúas sesións á semana 16,45 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana 20,70 €

4.3.- Cotas anuais de abonados aos Ximnasiaos (uso libre) fraccionadas en pagamentos mensuais.

4.3.1 Adultos (individual anual ou mensual)	155,10 € - 12,95 €
4.3.2 Menores (individual anual ou mensual)	94,95 € - 7,90 €
4.3.3 Familiar (anual ou mensual)	224,10 € -18,70 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual ou mensual)	129,30 €- 10,75 €
4.3.5 Menores (individual anual ou mensual)	68,90 € - 5,75 €
4.3.6 Familiar (anual ou mensual)	190,10 €- 15,85 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista 2 xogadores (45 minutos)	4,35 €	39,15 €

Cada xogador mais, aboará o prezo de acceso ás instalacións regulado no Artigo 20.1.

6. CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS (actividades non federadas uso recreativo, tempo libre e ocio)

	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
- 1ª Categoría	.29,50	14,75
- 2ª Categoría	14,475	7,95

7.- ABONADO PISCINA:

7.1.-Abono Piscina (individual)

- Cota Mensual	15,35 €
- Cota Anual	168,65 €

7.2.-Abono Piscina (individual reducido)

- Cota Mensual	10,20 €
- Cota Anual	112,40 €

Aplicarase unha bonificación do 25% sobre os prezos establecidos neste epígrafe 7 aos usuarios que acrediten estar empadroados en Vigo.

## ARTIGO 12. PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA.

### 1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	33,75 €
1.2. Menores/mes	21,55 €

Aplicarase unha bonificación do 20% sobre os prezos establecidos no apartado dos cursos para todos os usuarios abonados as piscinas.

### 2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	7,55 €
2.2. Outros programas	13,90 €

### 3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais: 43,15 €/alumno/curso

Actividades. medio acuático e escalada (un só prazo): 111,20€/alumno/curso  
(13,90 € x 8 meses).

## ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS.

### 1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓNS E SIMILARES.

Instalacións deportivas	8,75 €/hora
Piscinas cubertas	87,90 €/hora

### 2. ACADEMIAS PRIVADAS

Instalacións deportivas	17,20 €/hora
Piscinas cubertas (enteira)	204,40 €/hora
Piscina Cuberta (por rúa)	34,75 €/hora

### 3. RENOVACIÓN DO CARNÉ

Renovación do carné 2,05 €

### 4. SALAS DE REUNIÓN:

Sala de reunións: 2,60 €/hora

### 5. FIANZAS:

5.1. Por uso de chave de vestiario	5,10 €
5.2. Por uso de instalacións	20,45 €
5.3. Por cesión de material	306.60 €

## DISPOSICIÓNS FINAIS.

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresa.”

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presenta as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal reguladora dos Prezos Públicos por Utilización das Instalacións Deportivas Municipais dependentes da Concellería de Deportes:

19ª.-

Manter as taxas do 2017 no tocante a prezos públicos das instalacións deportivas.

20ª.-

Declarar exentos dos Prezos Públicos Regulados, aos membros de familias beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

21ª.-

#### ARTIGO 5. EXENCIÓNS NOS PREZOS

Engadir a exención no caso de clubs deportivos promovidos polas ANPAS dos centros públicos escolares de Vigo.

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos Prezos Públicos por Utilización das Instalacións Deportivas Municipais dependentes da Concellería de Deportes; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con

persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas

González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Prezos Públicos por utilización das Instalacións Deportivas Municipais dependentes da concellería de Deportes, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

**16(131).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EJERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O “SERVIZO VIGOZOO”. EXPTE: 2415/500. (1601/1101)**



ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 17.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta o “VigoZoo”, para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

Condicionantes xerais.

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo

incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

Condicionantes específicos.

*Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL “O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo VIGOZOO para o exercicio 2018 ascendería a un total de 1.634.097,86 € e os ingresos ascenderían a 300.000 €.

Modificacións na Ordenanza.

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas do artigo 4 nun 2,2%, actualízase o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa nun 3,3% e suprímense determinados epígrafes da tarifa por motivos de carácter organizativo segundo consta en informe de data 14 de xullo de 2017 da Concellería de Medioambiente e Vida Saudable.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA O “VIGOZOO” (53), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito imponible destas taxas os servizos que presta “VIGO-ZOO”.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

*Modifícase o apartado b) e elimínase o segundo parágrafo.*

*Modifícanse os apartado c) e f) e suprimise o segundo paragrafo do f).  
Suprímese o g) e o h) anterior pasa a g).  
Suprímense i) e j).*

b) As visitas escolares programadas de colexios que imparten ensino regrado radicados no termo Municipal de Vigo; así mesmo, colexios radicados noutros termos Municipais nos que os seus Concellos colaboren na financiación do “Servizo VigoZoo”.

A estes efectos considérase visita programada a que estea concertada a través do Departamento de Educación de VigoZoo.

c) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.064 €. A titularidade de Bens Inmóbeles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

f) Asociacións locais sen ánimo de lucro que, contando con autorización previa da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable, persigan fins benéfico-sociais e estean debidamente inscritas no Rexistro.

g) suprímese

g) (antes h) Os monitores de discapacitados.

i) suprímese

j) suprímese

## 2. BONIFICACIÓNS:

*Modifícase o apartado b2) e suprimese o b4)*

b.2.- As visitas de grupos organizados. Considéranse como grupo organizado aquel que teña previa reserva organizada e programada polo Departamento de Educación de VigoZoo, debendo contar cun mínimo de 20 persoas. A bonificación aplicarase a cada un dos compoñentes en función da súa idade.

b4) suprímese completo.

## ARTIGO 4. COTAS.

*Modifícanse os puntos 1) e 2) e suprimese o apartado d).*

*Modifícase o punto 3) e suprímense os apartados 4) e 5).*

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

Por cada visitante no que non concorran as circunstancias do artigo 3º) para a exención:

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención

(laborales) 2,55 €

No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, xubilados e pensionistas sen dereito a exención (sabados tarde, domingos e festivos) 3,10 €

No caso de menores deberán ir acompañados dun adulto.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive

(laborales) 5,10 €

d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive .

(sabados tarde, domingos e festivos) 6,10 €

e) Abono anual persoal e intransferible:

- Bono familiar (familias de hasta 5 membros e cuxos fillos non superen os 18 anos). 30,40 €

- Bono individual 18,20 €

f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante: 2,00 €

g) Grupos organizados adultos: 4,00 €

2. Tarifa reducida:

- Por cada persoa: 1,70 €

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

a) Persoas con carné xove.

b) Discapacitados.

c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.

d) suprímese.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:

a) Menos de 4 horas 73,10 €

b) Por cada xornada 219,40 €

4. suprímese

5. suprímese

ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO.

*Modifícanse os apartados a) e c).*

a) Visitas de grupos organizados, nas que o ingreso farase en calquera Entidade Bancaria na que teña conta aberta o Concello de Vigo. A copia que deberá achegarse á solicitude de visitas, na que figura o número de participantes, deberá remitirse a Vigo-Zoo cunha antelación de dous días como mínimo á data na que se produzan.

c) As correspondentes ao apartado 3) do artigo 4 anterior aboaranse na forma na que se indique no acordo no que se autorizan.

#### DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presenta as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Servizos que presta o “Servizo Vigozoo”:

22ª.-

Mantemento das taxas do 2017 no tocante a prezos públicos das instalacións e servizos do VIGOZOO

23ª.-

Declarar exentos dos Prezos Públicos Regulados, aos membros de familias beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Servizos que presta o “Servizo Vigozoo”; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65

anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan

rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polos servizos que presta o “Servizo Vigozoo”, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

**17(132).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EJERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMIENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE: 2412/500. (1602/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección

Xeral de Ingresos en data 17.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de auga potable, Rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

Condicionantes xerais.

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL).

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóbiles e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto



sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

Condicionantes específicos.

*Conforme ao disposto no artigo 24.2 do TRLRFL “O importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custe real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto do valor da prestación recibida.*

*Para a determinación de dito importe tomaranse en consideración os custes directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso os gastos necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade por cuxa prestación ou realización se esixe a taxa, todo isto con independencia do presuposto ou organismo que o satisfaga”*

Segundo se desprende do informe económico que obra no expediente a estimación do custe unitario para o exercicio 2018 ascendería a 1,1168 €/m<sup>3</sup> en tanto que a tarifa media para o exercicio 2017 sería de 1,0155 €/m<sup>3</sup>.

No presente expediente propónse unha actualización de tarifas dun 2,2% coa que a cobertura do custe total realizaríase con cargo ás taxas nun 92,93%.

Modificacións na Ordenanza.

Dando cumprimento ao disposto no artigo 24.2 mencionado anteriormente actualízase as tarifas I, II, III e IX do artigo 5 nun 2,2%.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS” (60),  
QUE QUEDARÁN REDACTADOS  
COMO SEGUE:

ARTIGO 5. TARIFAS

*Modifícanse as Tarifas I, II, III e IX.*

TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO.

- Cota de aboamento ao servizo 3,80 €/usuario/mes

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS.

A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m3	0,3848 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5068 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5149 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8786 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8936 €/m3
Exceso de 200 m3	1,1687 €/m3

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m3	0,7301 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	1,0694 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	1,1026 €/m3
Ídem de 70 ata 200 m3	1,3382 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,3802 €/m3
Exceso de 500 m3	1,4511 €/m3

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS.

A) Usos domésticos:

De 0 a 30 m3	0,4183 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,5429 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,5494 €/m3
Ídem de 70 ata 100 m3	0,8480 €/m3
Ídem de 100 ata 200 m3	0,8567 €/m3
Exceso de 200 m3	0,9716 €/m3

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m3	0,6526 €/m3
Exceso de 30 ata 50 m3	0,8235 €/m3
Ídem de 50 ata 70 m3	0,8368 €/m3
Ídem de 70 ata 200 m3	1,0299 €/m3
Ídem de 200 ata 500 m3	1,1567 €/m3
Exceso de 500 m3	1,3324 €/m3

TARIFA IX.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA.

A) Cota de alugamento: A cota de alugamento será o termo fixo 0,002278 multiplicado polo cadrado do diámetro do contador expresado en milímetros; é dicir, 0,002278. (Ø2) €/contador/mes. (Para contadores de ata 13 mm. a cota de alugamento será de 0,3850 €/contador/mes)

B) Adquisición:

Contador de 13 mm.	40,5258 €
Contador de 15 mm.	44,7611 €

Contador de 20 mm.	54,5416 €
Contador de 25 mm.	93,8938 €
Contador de 30 mm.	131,2899 €
Contador de 40 mm.	203,3063 €
Contador de 50 mm.	451,0195 €
Contador de 65 mm.	558,3454 €
Caixa de Rexistro, unidade	13,2705 €

#### DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.”

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presenta as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polas Prestación de Servizos de Subministración de Auga Potable, Rede de Sumidoiros, Saneamento e Depuración de Augas Residuais:

##### **1ª.-**

Conxelación das taxas e prezos mantendo as do 2017.

##### **2ª.-**

#### ARTIGO 10 EXENCIÓNS:

(incluír un segundo apartado):

Tributarán por tramo cero, nos consumos domésticos, os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado. Polo tanto estas persoas quedarán eximidas do CONSUMO MÍNIMO de 15m<sup>3</sup>/mes establecendo o consumo mínimo gratuíto ate 4m<sup>3</sup>/mes (cota 0 proposta). Do mesmo xeito quedan excluídos da COTA DE ABONAMENTO, DE SANEAMENTO e DE UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a

modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polas Prestación de Servizos de Subministración de Auga Potable, Rede de Sumidoiros, Saneamento e Depuración de Augas Residuais; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR: Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo

Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN DO FONDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Rexeitar as emendas presentadas.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de Auga Potable, rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

TERCEIRO: Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

CUARTO: Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **MOCIÓNS:**

### **18(133).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CENSURANDO A ACTUACIÓN DA XUNTA DE GALICIA NA DECISIÓN DE NON PERMITIR O ACCESO ÁS ILLAS CÍES A MILES DE PERSOAS, POÑENDO EN GRAVE RISCO A SEGURIDADE MARÍTIMA E A DAS PERSOAS. REXISTRO PLENO 1609/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de agosto de 2017, número 1609/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“O domingo 20 de agosto produciuse un feito de extrema gravidade no transporte de viaxeiros ás illas Cíes.

A decisión adoptada pola Xunta de Galicia de impedir o atraque de barcos de viaxeiros nas illas Cíes e de non permitir a saída desde o porto de Vigo de barcos con viaxeiros que adquiriran o seu billete con antelación, desembocou nun grave problema de seguridade para miles de persoas.

Corresponden á Xunta de Galicia todas as competencias relacionadas coa xestión do parque illas atlánticas, a autorización a navieiras e o cumprimento de que non se exceda o número máximo autorizado de visitantes. Desde o goberno de Vigo compartimos a decisión de que exista unha cota de visitantes para preservar o ecosistema medioambiental pero corresponde á Xunta de Galicia facer respectar este máximo para salvagardar a imaxe das illas.

Como queira que desde hai anos víñanse denunciando situacións irregulares correspondía á Xunta de Galicia adoptar medidas de control antes do inicio da campaña de verán e de masiva demanda de afluencia ás illas Cíes.

A xulgar polo ocorrido o domingo, e tamén o día seguinte, desde a Xunta de Galicia non se adoptaron medidas de control previo que evitasen situacións como as producidas o domingo 20. constátase que logo de anos de actuación, a Xunta de Galicia non ten un sistema de control que evite a sobreventa de billetes como en calquera outro tipo de evento ou transporte. Dese o Concello de Vigo reprobamos e lamentamos a venda excesiva e esiximos a adopción das medidas que correspondan.

A decisión de non permitir o atraque, a barcos que xa chegaran a destino, foi a peor das decisións. cun risco tremendo para a seguridade marítima, co risco de graves altercados públicos que se produciron. É inconcebible pensar en centos de persoas en barcos no medio de ría sen poder atracar e obrigándoos a volver ao seu destino. todo o contrario ao que aconsella o sentido común e as mínimas medidas de seguridade.

Esta xestión absolutamente nefasta e irresponsable supuxo un gravísimo dano á imaxe das Illas Cíes e ao turismo da cidade de Vigo. Dende hai anos véñse traballando de forma moi intensa desde o Concello de Vigo en potenciar as Illas Cíes, co obxectivo de conseguir que sexan patrimonio da humanidade, e actuacións como a relatada tiran por terra o traballo de moito tempo.

Quen responde politicamente do sucedido? 48 horas despois ningún responsable político da Xunta deu explicacións nin asumiu politicamente o dano irreparable causado á cidade de Vigo, termo municipal no que se atopan as Illas Cíes.

Os máximos responsables políticos, o Presidente da Xunta e a Conselleira de Medio Ambiente, atópanse de vacacións e non existe unha explicación sobre a gravísima e irresponsable decisión adoptada.

Tal e como pasan as horas, a sospeita de que á incapacidade absoluta da Xunta para xestionar todo o relacionado co Parque Illas Atlánticas únese unha decisión premeditada de causar un dano moi grande á imaxe de Cíes, de Vigo e da súa economía, colle forza e consistencia.

Como é posible que unha decisión desta envergadura non fose sometida á consideración do Goberno de Vigo? Son moitas as preguntas ás que o Presidente da Xunta de Galicia debe de responder.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

## ACORDO:

-.Censurar a actuación da Xunta de Galicia na decisión de non permitir o acceso ás Illas Cíes a miles de persoas poñendo en grave risco a seguridade marítima e a das persoas.

- Esixir responsabilidades políticas de quen corresponda por ordenar tan nefasta decisión.”

## DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: O domingo 20 de agosto na cidade de Vigo producíase un feito moi grave, exclusivamente imputable á Xunta de Galicia por non ter controlado durante moitos anos o número de visitantes ás Illas Cíes o número se sobrepasara moitas veces, non só o 20 de agosto, dende a Xunta de Galicia sabíano e non fixeron absolutamente nada, non foi esta un feito illado, non se actuou, debeuse controlar como se fan en tódolos sitios, os espectáculos, pero tomaron unha decisión absolutamente improcedente ese 20 de agosto, a peor decisión de todas, sen ser grandilocuente podería ter pasado calquera desgracia, os medios de comunicación falaban de que se produxo unha situación de motín, e é absolutamente certo, aqueles viaxeiros que chegaron as Illas Cíes e non puideron desembarcar, tiñan unha indignación que podería ter levado a calquera situación e así o reflectían os medios de comunicación, na toma desta decisión tomouse aos usuarios como reféns, obrigando a participar a Garda Civil e Policía nunha decisión estritamente política, pero si era moi sinxelo, bastaba con intervir ás empresas, controlar era a obriga da Xunta de Galicia, porque hai algo que é a clave e que define absolutamente todo o relacionado con este tema, toda a competencia é da Xunta de Galicia, e toda é toda, as autorizacións ás navieiras, a regulación de transporte de ría, o Porto de Vigo, a xestión do Parque Nacional, son eles e ninguén máis, ningunha outra administración temos competencias neste tema e nin sequera nunha decisión deste calibre fomos consultados, montaron un caos que deu a volta a España, páxinas e páxinas de xornais, comentarios de radios, televisións, todo un descrédito no que puido haber importantes desgracias e todo este cadro anterior do que se produciu o 20 de agosto require de establecer



responsabilidades políticas, e a pregunta aínda hoxe transcorridas tres semanas é quen tomou a decisión, necesitamos saber quen tomou esa decisión, queremos saber, debemos saber quen asinou esa orde de que non se puidese acceder a illa e con que autoridade se adoptou esta decisión sobre competencias certamente marítimas, todo o ocorrido demostra a incapacidade total da Xunta de Galicia, é grave, anos sen controlar e deciden facelo un 20 de agosto, pero quero advertir, aínda que xa o fixemos, que nós estamos de acordo con números clausus, pero son para cumprilos e aquel que debe facer cumprilos e é a súa obriga e ten que exercer esa obriga porque esa obriga de que non se sobrepasen os números clausus é simple e sinxelamente cumprir coa lei e tamén quero advertir e deixar claro que nós estamos de acordo en esixir o cumprimento ás navieras pero quen o debe facer é quen ten competencias e se quen ten competencias non o fai e así o recoñece, evidentemente estamos nunha situación de incumprimento e de sinalar a quen é o responsable deste caos.

Que pasa? Que o 20 de agosto tivo grave consecuencias para esta cidade e un prexuízo tremendo para o seu turismo e para a imaxe das Illas Cíes porque é evidente que vendo informativos en televisión, escoitando na radio e vendo as páxinas dos xornais demos unha sensación de “república bananeira”, afortunadamente os cidadáns e aqueles que se sentiron prexudicados xa entenderon que a “república bananeira” e as súas actitudes nese senso son da Xunta de Galicia e non de ningunha outra administración, e agora son todo escusas sobre a decisión, externamente debo dicirlles, concelleiros do grupo municipal do Partido Popular de Vigo que ninguén lles apoia no que se fixo, en que vostedes se haxan convertido nun comando de escusas como así demostra a alternativa que propuxeron a esta moción, quedáronse literalmente vostedes sós ante os cidadáns, ante os axentes económicos e sociais e se converteron como sempre en defender o indefendible. Había mil formas de controlar e só a Xunta de Galicia podía facelo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: A xestión do Parque Nacional da Illas Atlánticas por parte da Xunta de Galicia é nefasta en tódolos sentidos posibles. A principios de febreiro deste ano a Conselleira de Medio Ambiente, a Sra. Beatriz Mato, declaraba que o ano 2016 fora un ano récord para o arquipélago das Illas Atlánticas pero que dende

a súa consellería querían máis visitantes, facíano nun acto na Illa de Sálvora onde precisamente duplicouse o cupo de visitantes, unha declaración de intencións do departamento de Medio Ambiente que se producía mentres a administración levaba anos presumindo do incremento do número de turistas superiores ao 100%, o problema xa ven dende moi atrás, xa no verán do 2013 a responsable de Turismo da Xunta de Galicia revelaba que só a través das navieiras que viaxan a Cíes, viaxaran durante o mes de agosto 92.000 pasaxeiros, unha media de máis de 3.000 pasaxeiros ao día segundo as cifras oficias, é dicir, a Xunta de Galicia presumía de saltarse o seu propio cupo, e este ano declaran que queren aínda máis, consagrando a política da Consellería de Medio Ambiente, converter o Parque Nacional Marítimo-Terrestre nun parque de atraccións de sol e praia obviando as súas responsabilidades nun desenvolvemento sostible que garanta o mantemento en boas condicións da reserva. Prímanse os beneficios, ben sexan económicos, ben sexan publicitarios a curto prazo, mentres causase danos que poden chegar a ser irreparables.

O turismo, entendido como industria meramente extractiva e especulativa en lugar do que debería de ser, unha actividade económica sostible e respectuosa co medio ambiente que permita unha conservación óptima das Illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, unha actividade económica que permita que estes beneficios que deben reverter na sociedade e no propio parque non sexan flor dun día, senón que as vindeiras xeracións poidan continuar beneficiándose da existencia dun parque nacional en condicións óptimas. Visitantes e turistas, benvidos sempre, máis sempre tamén co necesario control que garanta a saúde do recurso natural que precisamente os trae aquí.

Todo isto, está ligado a ausencia do Plan Reitor do Uso e Xestión, e polo tanto, a continuación, na seguinte moción, falaremos máis en detalle da responsabilidades ou máis ben das irresponsabilidades da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia como institución competente é a única responsable desta situación, leva anos obviando a masificación do Parque en xeral, e das Illas Cíes en particular, e polo tanto, tamén responsable subsidiario do prexuízo evidente que tivo a imaxe de miles de persoas quedándose sen unha visita que xa tiñan pagada e planificada, o cal é lamentable, decidiu actuar cando xa o escándalo das imaxes da masificación eran imposibles de obviar e a Xunta de Galicia era a responsable

de que chegáramos a esta situación.

Estando de acordo na responsabilidade o certo é que permitir o desembarque tamén traería problemas de seguridade para as e os visitantes da illas, os propios traballadores do parque advirten da imposibilidade de evacuación de semellante número de persoas ante imprevistos como por exemplo, un incendio ou outras posibles continxencias.

Así como tamén os colectivos ecoloxistas coinciden en que esta decisión concreta, non permitir o desembarque, foi acertada aínda que chega tarde e mal.

O certo é que a Xunta de Galicia advertiu ás navieiras pero cando levas anos facendo a vista gorda ou poñendo sancións ridículas que non chegan en ningún caso a ser un castigo, xa que o lucro por saltarse a lei é maior que a contía da sanción o raro é que se fixera caso destes avisos. A falla de Plan Reitor, como xa comentamos, o cupo en Cíes está limitado por una Resolución da Dirección Xeral de Transportes do ano 2000, parécenos extraño reprobar esta decisión concreta de non permitir o acceso a cadeiras cando está axustada á normativa e ademais é a única protección que teñen as Cíes a día de hoxe.

En definitiva, cremos que o feito concreto de non permitir o desembarco non é o que debemos censurar, senón que a reprobación debería ser sobre toda a xestión da Xunta de Galicia no que incumbe ao Parque Nacional é por isto que propoñemos a grupo Socialista unha substitución no acordo, a nosa proposta inicial sería que o acordo viñese a dicir: reprobar a xestión da Xunta de Galicia respecto ao Parque Nacional Illas Atlánticas que tivo como unha das súas consecuencias a decisión de non permitir o acceso ás Illas Cíes a miles de persoas, co grave prexuízo tanto para as persoas visitantes como para imaxe do propio parque, esixir responsabilidades políticas de quen corresponda polas irresponsabilidades na xestión do Parque que levou á situación actual.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro gustárame declarar esta moción por parte do grupo municipal do Partido Popular como unha auténtica irresponsabilidade, un alegato ao máis puro estilo socialista, baleira de contido que nin contribúe a solucionar o problema que todos recoñecemos, nin a preservar o Patrimonio natural das Cíes, nin está á altura dun goberno digno para Vigo. Dito isto, gustárame clarexar como pasaron os feitos, accións cuxo obxectivo foi velar

pola seguridade das persoas e velar neste caso pola protección do Patrimonio, único e irrecuperable se deixamos que se perda ou deteriore. Para iso serías máis adecuado e construtivo unirnos e intentar paliar e erradicar dende o Concello de Vigo porque as Cíes son de Vigo, un problema que temos diante, pódense recoñecer os erros, incluso se poden criticar, por suposto, pero botar leña ao fogo, enganar e frivolar con este tema parécenos moi pouco apropiado. Imos aos feitos, o cupo das Cíes establecido en 1994, é 2.200 visitantes e 800 campistas, tamén no seu día houbo que restrinxir o amarre dos barcos, non sen polémica tamén; as navieiras liberalizadas durante o bipartito, teñen uns cupos de venda que se efectúan a través da central de reservas pero é un negocio moi apetitoso o de vender billetes por doquier cando hai demanda, por iso o Sr. Font di que se actúan en agosto porque en novembro non creo que haxa masificación nas Cíes, iso tamén para comezar.

Durante o mes de agosto se detectaron tres incumprimentos de exceso de cupo os días 3, 5 e 19 de agosto porque a Xunta de Galicia estaba controlando o cupo das Cíes, ante esta situación a Xunta de Galicia advirte as navieiras a tarde do 19 e lle di, “de producirse un exceso de cupo o día 20 non se vai permitir o desembarco”, unha navieira tomou nota e xa no porte de orixe evitou que os pasaxeiros embarcasen no barcos pero sen embargo outras, porque a Xunta de Galicia non ten competencia no porto de orixe, seguiron adiante e permitiron que os pasaxeiros embarcasen e partisen cara as Cíes, outras navieiras en cambio, como digo pasaron de todo e a Garda Civil e a Policía Nacional tiveron que actuar, por suposto, obrigadas a preservar o cupo e a executar aquilo que advertiran a tódalas navieiras que poden desembarcar pasaxeiros en Cíes. O agravio foi moi grande, por suposto que si, non imos ser nós os que digamos que non, as cousas se puideron facer moito mellor, claro que si, pero aquí os principais responsables disto son unhas empresas que se saltaron á toureira as normas para gañar cartos e iso non o podemos permitir, e ademais falsificando billetes. Vostede fala de espectáculos, aquí en Vigo nos últimos dez anos houbo concertos nos que presentou a xente con entradas falsificadas por internet e se lles negou a entrada, o que pasa é que non tivo repercusión, se fósemos iguais nós censuraríamos a actividade do Concello de Vigo, non veñan porque é exactamente o mesmo, o que é inconcibible e é moi chamativo é que nos dous folios da exposición de motivos

da moción non se nomea as navieiras, poden ler vostedes a moción que presenta o PSOE, non se nomea, nin sequera se fai alusión ás navieiras. Polo tanto, son elas as que estafaron aos turistas, estafaron, falsificaron billetes e levaron máis pasaxeiros dos permitidos. Polo tanto, con esas accións cárganse ao Patrimonio e ponse en risco aos visitantes como dicía tamén o voceiro de Marea porque ademais pasase o cupo que van facer para evacualo? Que van facer se o cupo é excesivo? Por ese motivo nós, dende o Partido Popular, presentamos unha emenda útil fronte a esa moción que vostedes presentan inútil porque realmente está á altura das esixencias dos vigueses/as, dos galegos/as, dos turistas que nos visitan, unha emenda de substitución que contribúe a solucionar o problema porque de nada vale aquí un contido para un titular pero non resolver nada, o Pleno, a Corporación municipal de Vigo necesita poñer enriba da mesa unha serie de medidas para que se solucionen estes problemas, polo tanto, o noso texto quedaría así, “en primeiro lugar censurar a actuación das compañías navieiras por canto venderon máis billetes dos permitidos aínda estando avisados pola Xunta de Galicia de que non se permitiría o desembarco causando un grave risco á seguridade marítima e das persoas e causando danos ao Parque Natural. Segundo punto, instar á Xunta de Galicia a reforzar os mecanismos de control sobre a venda de billetes que impidan que esta situación se produza novamente, e terceiro punto, instar á Xunta de Galicia a aplicar o réxime sancionador ás compañías navieiras coas sancións económicas máis altas previstas no mesmo”. Este ten que ser a nivel deste Pleno, á altura de miras de cara o futuro e non fagamos mocións amarelistas que son pan para hoxe e fame para mañá porque vostedes viven da propaganda, vostedes, goberno municipal de Vigo, viven da propaganda pero os turistas, os hostaleiros, todo o que son os galegos, vigueses e o noso patrimonio non viven da propaganda do amarelismo, polo tanto, sería bo que vostedes aceptasen esta emenda porque realmente senta as bases para que se solucione o problema.

En Marea de Vigo tamén solicitan que se limite aínda máis o que son as multas e que se poña un control máis estrito, pidamos ou fagamos unha moción amarelista que é o fan vostedes.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Egerique amarelismo é o seu porque unha situación que

podería ter sido unha auténtica catástrofe en alta mar nas Illas Cíes, vostede a está a reducir aos efectos de anécdota, pero como me está a dicir que é útil esta moción? Se esta moción de substitución que presentan vostedes é unha moción de censura en toda regra a todo o feito pola Xunta de Galicia, pero se é que vostedes aquí están de delegados da Xunta de Galicia para defender a un goberno e para atacar a unha cidade ao seu turismo e a unha candidatura ás Illas Cíes. Mire, sabe o que pasa, dígollo moi claro, se as Illas Cíes chegan a estar en A Coruña esta decisión non a houbese tomado a conselleira de Medio Ambiente, mire, sabe do que falamos? De conservar as Illas Cíes, sabe do que falamos? De conservar o Medio Ambiente, a fauna e de actuar en función do que a cada un lle corresponde, e sabe que é o que pasa? Que unha vez que falamos disto o que pasa que a única responsabilidade é da Xunta de Galicia, pero como se atreve a dicir que esta moción é unha irresponsabilidade? Esta moción Sra. Egerique e concelleiros do Partido Popular é unha defensa de aqueles cidadáns que puideron ter un grave risco para as persoas, pero si para organizar calquera proba marítima na ría se esixen unha medidas de seguridade tremendas, quen tomou a decisión de non permitir o acceso? Eu xa me decatei onte por un tele tipo, a tomou o Sr. Feijóo, si, na medida que o Sr. Feijóo dixo que avalaba a decisión da Xunta de Galicia e a decisión da Xunta de Galicia foi unha decisión tremenda en relación á seguridade marítima, tremenda no que podería ter pasado e unha decisión política que hoxe pola actitude que están mantendo vostedes, cada vez estou máis convencido que se decidiu o sábado pola noite en despachos da Xunta de Galicia, pero así de claro, porque tódalas xustificacións que están a dar vostedes é para escapar da responsabilidade política. Non Sra. Egerique, isto non é unha “martingala”, a única amarela aquí é vostede que non se preocupou das persoas que estaban para desembarcar na estación, en Illas Cíes e para a imaxe que deu a cidade, sabe o que pasa? Que nós como goberno, contribuímos a favorecer Illas Cíes e vostedes absolutamente en contra.

PRESIDENCIA: Tense que pronunciar sobre as dúas emendas propostas.

SR. LÓPEZ FONT: A de Marea de Vigo si se considera como de adición si, se é de substitución non; e a do Partido Popular por suposto que non.

PRESIDENCIA: Procedemos á votación, as emendas non son aceptadas, procedemos á votación do texto tal e como está formulado.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.08.2017 (Rex. Nº 1609/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**19(134).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE DE XEITO URXENTE E INMEDIATO APROBE O PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS. REXISTRO PLENO 1612/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2017, número 1612/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

En 1980 declarábanse os primeiros parques naturais de Galicia y, entre eles, atopábanse as Illas Cíes de Vigo. A protección deste arquipélago, mediante a figura do Parque Natural das Illas Cíes viña determinada polas singulares características de flora, fauna e paisaxe. Esta declaración foi un paso importante de cara á conservación e preservación deste paraxe inigualable no mundo.

Vinte e dous anos despois, no ano 2002, o Congreso dos Deputados aprobaba a Lei 15/2002, de 1 de xullo, pola que se declaraba o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas, máxima figura de protección dun espazo natural que contempla a nosa lexislación.

A declaración como Parque Nacional marítimo-terrestre, así como a súa inclusión na rede de Parques Nacionais, supón que a súa conservación é de interese xeral do Estado e se integra na rede de parques nacionais, coa conseguinte conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, aumentando o seu rango de protección.

Transcorrida máis dunha década dende aquela declaración, segue a incumprirse a Lei 15/2002, e o seu mandato de elaborar o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque, documento imprescindible e básico para xestionar este espazo protexido.

Estes planes reitores son ferramentas técnicas que artellan as directrices de xestión e conservación dun parque, xa que nese documento fíxanse, entre outros aspectos, a zonificación e as normas xerais para a conservación, o uso público e a investigación. A Disposición Adicional segunda da Lei 15/2002, establece claramente que “no prazo de un ano elaborárase o plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional”.

Así mesmo, a Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, atribúe ás comunidades autónomas a xestión e organización dos parques nacionais en cuxo territorio se encontren situados, polo que, correspóndelle á Xunta de Galicia a aprobación e execución do seu Plan Reitor de Uso e Xestión.

A pesar deste claro mandato legal, a día de hoxe, na rede de Parques Nacionais, segue a figurar que o Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Illas Atlánticas está, despois de quince anos, “en proceso de elaboración. Envío a participación cidadán”.

Pois ben, ese “envío a participación cidadán” leva metido nun caixón da Xunta de Galicia dende hai seis anos, xa que dende o 17 de agosto de 2011, momento no que se publicou o anuncio no DOG, sometendo o documento a participación pública, nunca máis se volveu a saber nada do dito plan.

Polo tanto, estamos na situación dun Parque Nacional que está incumprindo a súa propia normativa, privando ao Parque dun instrumento fundamental para a súa conservación, protección e preservación.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:



#### ACORDO:

“Instar á Xunta de Galicia para que de forma urxente e inmediata aprobe o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, dado que se trata dun instrumento imprescindible para a xestión e conservación do dito parque nacional”.

#### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Espero que por reclamar que se formalice o Plan Reitor ninguén me acuse de amarelismo porque xa sería o colmo dos colmos.

A exposición de motivos é moi clara e faise mención a un feito importante para esta cidade e para as Illas Cíes como a declaración dos primeiros parques naturais de Galicia no ano 1980 e a Lei de 2002, pola que se declaraba Parque Nacional Marítimo-Terrestre o das Illas Atlánticas, pero evidentemente a Lei do 2002 marcaba unha obriga absolutamente fundamental para todo o que falamos na moción anterior para todo o que é o conservación das Illas Cíes e en suma para o cumprimento da Lei e nesa Lei marcábase claramente o que se debía de formalizar un Plan Reitor deste Parque Natural, o que pasa é que dende o ano 2007 esta competencia é das Comunidades Autónomas, e polo tanto hai unha irresponsabilidade, un abandono no que son as súas funcións por parte do Goberno do Sr. Muñez Feijóo, da Xunta de Galicia, porque dende unha data concreta 17 de agosto de 2011, no que se somete anuncio no Diario Oficial de Galicia para a confección do Plan Reitor non se fixo absolutamente nada, e creo en relación co debate anterior que é hora de recoñecer a incapacidade para levar a cabo algo tan fundamental como é o Plan Reitor, porque a pregunta é moi sinxela, como se atreve a Xunta de Galicia a presentar a candidatura de Patrimonio da Humanidade sen un Plan Reitor, como se atreve o Sr. Feijóo a dicir onte en Vigo que como xa se empeza a controlar ás navieiras a UNESCO vai tomar nota e vains dar moi boa nota, pero se o primeiro é cumprir a lei, o primeiro é regular algo tan fundamental como un Plan no que lle atribúe competencias importantes como a zonificación e a conservación do Parque entre outras. Evidentemente a candidatura que presentou a Xunta de Galicia o único obxectivo que ten é bloquear a auténtica candidatura que é a deste goberno municipal, e evidentemente esa insistencia en que

Patrimonio da Humanidade sexa o Parque das Illas Atlánticas, é coa única intención de facer fronte a este goberno, pero sobre todo de facer fronte ao que é o sentido común porque evidentemente o que si pode ser obxecto de declaración como Patrimonio é as Illas Cíes e non o conxunto, e hai moitas probas, pero unha proba é concluínte e é os números clausus dos que nós estamos totalmente de acordo e a proba está en que ó resto das illas pódese ir sen ningún problema. Polo tanto, aquí o que estamos evidenciando é unha postura coñecida na cidade, polos cidadás, pero evidentemente moi rexeitada de que é unha política en contra do goberno desta cidade, e o peor e o rematou onte o Sr. Feijóo, pois son as declaracións porque claro, fíxense vostede e atendan que un presidente da Xunta de Galicia nun tema dende hai seis anos sexa capaz de dicir que non é fácil facer un Plan Reitor para as Illas Cíes, un presidente da Xunta de Galicia non é capaz e o recoñece, de levar a cabo un Plan Reitor pero de que é capaz este presidente? Non será capaz de levar a industria deste país, non será capaz de levar a política social deste país, de levar a economía deste país, Galicia, non será capaz evidentemente e algo peor que co que dixo onte, o que evidentemente nos advirte é que non vai haber Plan Reitor. Evidentemente, aquí hai unha decisión política absolutamente premeditada dende o principio e é ir en contra desta cidade e mentres o Sr. Feijóo anda facendo o que non debe e boicoteando a este goberno, dende este goberno coas Illas Cíes estamos facendo isto, dende hai anos, promocionando a candidatura, dende hai anos, facendo todo tipo de actuacións para ese prestixio das Illas Cíes e recomendo sobre todo ao senador do Partido Popular que cando vaia a Madrid vaia pola estación de autobuses para ver este magnífico anuncio das Illas Cíes.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: É moi positivo que estamos falando do Plan Reitor das Illas Atlánticas, o atraso no desenvolvemento deste Plan é a raíz dos problemas que ten o conxunto do parque e por fin debemos alegrarnos, ten unha ampla repercusión pública e que agardamos sexa o principio do cambio de rumbo na xestión e que por fin camiñemos cara un uso sustentable do espazo natural.

No ano 2014 celebrouse unha xuntanza do Padroado do Parque Nacional, este órgano consultivo é o órgano de participación da sociedade na xestión deste espazo natural no que se senta a administración pública e tamén entidades como a universidades, cofradías de pesca, concellos incluído o de Vigo e grupos

ecoloxistas.

Naquela xuntanza presidida pola daquela pola directora xeral de conservación da natureza, os representantes do movemento ecoloxista xa advertiron de que as navieiras estaban a pasar por enriba do límite de turistas, concretamente advertiron de que a media de visitantes ás Illas Cíes durante o mes de agosto do 2013, era 2.708 persoas ao día, atendendo ao balance turístico que facilitara a propia Xunta de Galicia, cando a propia Xunta de Galicia saltase o seu cupo, amosa o nulo interese na aprobación do Plan, Plan totalmente imprescindible, sen este Plan a marxe de manobra do persoal do parque é limitada en canto a sancións, cando por exemplo alguén incumpre as normas de zonificación como xa cita a moción presentada. Neste Plan debe consagrarse o cupo para cada Illa, a día de hoxe regulada unicamente como xa comentamos na moción anterior por unha resolución da Dirección Xeral de Transportes, un cupo que como demandam as organizacións ecoloxistas debe ser decidido despois de facer un estudo de capacidade de carga do espazo natural, non en base aos requirimentos de intereses privados, non é admisible de ningunha maneira que a Conselleira de Medio Ambiente fale sen cesar de apostas por superar a barreira dos 400.000 visitantes, sen ter en conta as medidas de conservación do espazo, medidas imprescindibles non só para a supervivencia do parque senón tamén para a sustentabilidade e continuidade das visitas, en lugar dunha Conselleira de Medio Ambiente parece que temos delegacións de industria, pero non unha industria sostible no tempo senón unha Consellería de Industria depredadora e extractiva a que parece que non lle importa matar a galiña dos ovos de ouro e que o día de mañá non teñamos nada. É inadmisibile que cando as navieiras teñen problemas na venda de billetes a Cíes fagan desvío á Illas de Ons, e esteamos a trasladar o problema a outra zona do Parque Natural, xa que sen Plan Reitor non hai cupo nas Ons, unha zona máis do Parque Nacional que segundo o borrador do Plan tería un cupo de 1.200 visitantes ao día, supoñemos que o empresario que ten practicamente en réxime de monopolio tódolos servizos da Illa de Ons estará moi satisfeito con estes atrasos.

A ausencia de Plan únese a lasitude extrema coas navieiras, as sancións poden chegar a 200.000 euros e ou retirada temporal da concesión, a multa máis alta imposta pola Xunta de Galicia é de 12.000 euros, unha cantidade ridícula, 600

billetes de máis son máis de 11.000 euros, se a multa máis alta foron 12.000 euros como non vai compensar seguir saltándose as normas.

Diversas especies do parque como a gaivota patiamarela están en serio perigo, as Cíes foron o maior asentamento mundial desta especie pero entre 2011 e 2015 o seu censo reduciuse nun 36%, o cormorán moñado en grave perigo, fallan estudos e actuacións para frear o declive de especies como a gralla cereixeira cun descenso dun 90% da súa poboación, faltan investimentos en conservación, especialmente no control de flora exótica e invasora, todas estas cuestións e máis deben estar neste Plan Reitor que leva anos de atraso mentres a Xunta de Galicia fala de aumentar visitantes. Si, inaceptables as declaracións do Presidente da Xunta onte, desligando a protección do Parque do Plan Reitor, declarando sen rubor que hai que aprobar o Plan pero que non é fácil porque hai que acadar acordos, seis anos leva o Plan sen tocarse, moito tempo parece para acadar acordos.

Cito, “está claro que as Illas Cíes as imos protexer pase o que pase e custe o que custe porque as temos como candidatas a Patrimonio da Humanidade”, sen Plan Reitor, sen cupo en Ons, sen zonas de protección especial, sen investimentos en erradicación de especies invasoras, con moitas especies en perigo pola presión do turismo masificado, vai sendo hora de que a Xunta de Galicia faga os deberes e cumpra a súa obriga para protexer de forma efectiva todo o Parque Nacional, é loxicamente votaremos a favor do acordo contido nesta moción.

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Font, tivo unha intervención dende logo brillante, sentiuse a dez metros sobre o chan e o certo é que non se deu conta de que a vostede lle prepararon un argumentario e que hoxe non leu nin os xornais, si é grave non ler os xornais en agosto, moi máis grave é non lellos en setembro, en calquera caso eu procederille a ler a páxina dous do Faro de Vigo para que vostede se decate do debate que estamos a facer nestes momentos.

En primeiro lugar, eu non sei como vostede se atreve a dicir que non pode levar a cabo a presentación dunha candidatura para Patrimonio á Humanidade sen un plan de usos, cando o Alcalde da cidade leva seis anos mentindo constantemente ata en catro ocasións dicindo que xa íamos iniciar esa candidatura, polo tanto, o que non se decata é vostede.

PRESIDENCIA: É distinto o Parque que as Cíes, non de decata vostede aínda que o Plan é do Parque.

SR. GAGO BUGARÍN: Non hai un Plan de usos das Cíes e do Parque Nacional polo tanto non pode haber candidatura para Illas Cíes. Eu entendo que vostede se altera, eu entendo que vostede nos enganou en catro ocasións e a última foi o 15 de xuño cando viu que a Xunta de Galicia iniciaba os trámites para poder declarar Patrimonio da Humanidade as Illas Cíes, entón vostede é cando anunciou que o día 15 comezábamos, pero o certo é que aquí lle chamamos absolutamente a todo as Illas Cíes, dentro de pouco os sumidoiros, as tapas tamén serán Illas Cíes pero a candidatura non se iniciou. E por outra parte, Sr. Font, en relación ao Plan de Uso e de Xestión, a min chámame a atención que vostede diga que o Sr. Feijóo non está capacitado para aprobar o Plan cando o Alcalde de Vigo foi Presidente do Porto foi incapaz de aprobar o Plan de Usos do Porto, cando vostedes paralizaron e foron incapaces de aprobar o Plan Xeral e sumiron a esta cidade no peor caos urbanístico que sufríu a cidade de Vigo e cando vostede estiveron na Xunta de Galicia entre o ano 2005 e 2009 foron incapaces de facer ningún diálogo, mover nin un só papel e facer nin un só trámite para que o Plan de Uso que agora traen aquí ao Pleno se aprobe. Polo tanto, Sr. Font, vostede tivo unha intervención brillante, en relación á hemeroteca que eu lle dicía, que vexo que hoxe non leu os xornais, pois voulle ler o que di o responsable, o Presidente da Federación Provincial de Cofrades que o teño por aquí e que di o seguinte, “estamos a facer un estudo económico sobre os recursos mariños do parque e sabemos que a Xunta de Galicia está facendo o seu con unha previsións máis optimistas que no 2011”, cabe lembrar que no 2011 a Xunta de Galicia iniciou esa intención de poder aprobar o Plan de Usos, reducindo entre outras cuestións de 2.200 usuarios a 1.600 os que podía día a día as Illas Cíes.

Polo tanto, esa proposta de redución de visitantes e de preservar o importante patrimonio que temos nas Illas Cíes foron rexeitados polas parte implicadas que forman parte do Parque Nacional das Illas Cíes.

Polo tanto, Sr. Font, o único partido político, o único dirixente, líder político que iniciou os trámites ou que traballou na dirección de poder aprobar o Plan de Usos

das Illas Cíes e do Parque Nacional foi o Sr. Feijóo, o Partido Popular de Galicia, cando vostedes estiveron no bipartito da Xunta de Galicia non fixeron absolutamente nada, non moveron nin un dedo.

E remato cunha reflexión Sr. Font e Sr. Alcalde, como poden falar vostedes de protección, de preservación se o que nos lanzaron a través dos medios de comunicación é que esas 4.000 persoas que ese excedente de usuarios, visitantes, tiñan que ter desembarcado nas Illas Cíes? Como pode vostede falar de preservación se o que lle preocupa é que os usuarios ocupasen as Illas Cíes, que se incumprise a legalidade e que non se preservase a conservación do Medio Ambiente, Sr. Alcalde. Vostede o tiña moi sinxelo, pero o único que lle pedimos ao Alcalde e ao goberno municipal en relación á aprobación do Plan de Usos é que o Partido Popular xa está a traballar, dialogando coas parte implicadas e o único que lle pedimos Sr. Alcalde é que non se meta, porque cando vostede se meten en algo é que ao final se paraliza e se aproba máis tarde.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Gago gracias por recoñecer que a miña intervención foi brillante pero lle garanto que non veño aquí a lucirme, senón que veño a preocuparme por temas que afectan aos cidadáns e temas que xa vexo que vostedes se toman doutra maneira. Cando vin o teletipos onte do que dixo o Sr. Feijóo obrigoume a levantarme hoxe as 6:15 da mañá para ver como recollía os xornais o que dixo o Sr. Feijóo, porque era ese líder marabillo, seu non de Galicia, dixo onte cousas moi graves e con estas tres páxinas de xornais non só de Faro de Vigo, senón Atlántico e La Voz de Galicia, as vin de arriba a abaixo e o peor de onte é que o Sr. Feijóo veu a dicir que non importa que haxa Plan Reitor, que da o mesmo, que só por o feito de que se controle ás navieiras imos ser unha marabilla ante a UNESCO, e dixo algo moi importante politicamente que é incapaz de conseguir dende o ano 2011 un acordo porque dio así, é incapaz de poñer de acordo aos axentes que interveñen no Plan Reitor, díxoo el Sr. Gago non o dixen eu, o problema non son os nove anos anteriores, o problema é preguntarlle a vostede para que nos serve que o Sr. Feijóo dende o ano 2009 governe, é que estamos no ano 2017, o Sr. Feijóo leva gobernando 8 anos, onte presumía de que non quere ir para Madrid porque só leva un ano aquí, pero si o problema é que todo isto demostra as carencias que teno o Sr. Feijóo, pero recoñecido por el.

Di que si me atrevo a falar do Plan de Usos, claro que si, pero como vai saír adiante unha candidatura de Patrimonio da Humanidade se non hai unhas normas reguladoras de preservación do Medio Ambiente, o que dixo onte o Sr. Feijóo é o maior recoñecemento da inutilidade política para quitar adiante un tema, pero sabe o que pasa? Vostedes cada vez que interveñen aquí son unha especie de mini delegado da Xunta de Galicia en defensa do Sr. Feijóo e en contra desta cidade, ese é o seu cometido, non é un argumentario, o argumentario é que vostedes non tomaron en consideración algo que podería ter sido moi grave, o problema é que neste Pleno poderíamos estar falando non hoxe, senón que se tería que ter convocado un Pleno de urxencia para tratar unha situación moi grave que se podería ter dado, e nós non defendemos que haxa 4.000 visitantes, o que si dicimos é quen o que ten que controlar que interveña e que houbera xente para desembarcar non para embarcar que era o que non tiña que ter feito é só responsabilidade súa.

*(No momento da votación non se atopan presentes os concelleiros, señores e señora, Piñeiro López, Regades Fernández e Silva Rego)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 1.09.2017 (Rex. Nº 1612/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **MOCIÓNS.**

**20(135).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO CUMPRIR OS ACORDOS DO IV PLAN DE IGUALDADE APROBADO EN PLENO**

**NO ANO 2007, NOS QUE SE INCLÚEN MEDIDAS DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PARA TÓDALAS PERSOAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1568/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xuño de 2017, número 1568/1101, a concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A situación de inseguridade e precarización das mulleres pola falta de dereitos básicos cando se atopan en situación de vulnerabilidade por ser vítimas de violencia machista, afecta a falta de prevención e formación e a súa protección.

Respecto ao ámbito policial, existe un desánimo que se crea nas mulleres que dan o paso a denunciar, por parte das forzas de seguridade; por exemplo dicíndolles que o avogado ou avogada pode demorarse horas para asistilas en comisaría e que mellor soliciten dito servizo de avogacía o día do xuízo no xulgado; provocando unha sensación de abandono e inseguridade que non axuda absolutamente nada a saír do inferno da violencia machista. Respecto a este ámbito, semella absolutamente inconcibible que haxa policía que non se limitan a recoller a denuncia, senón que xulgan o delito que as mulleres están denunciando e dinlles literalmente que “non merece a pena que o fagan porque non van obter nin orde de afastamento”, e “nin sequera será tipificado como violencia de xénero”.

En canto o ámbito xudicial, atopámonos con que o persoal dos servizos de xustiza seguen sendo xerais, sen formación específica en violencia de xénero ou o que é peor, en vítimas menores de idade. Hai mulleres que acoden alí sen saber o que asinaron, nin entenderon o que lle dixo a súa avogada/o xa que non comprenden os termos xurídicos; é importante que o persoal que atende a este tipo de vítimas utilicen unha linguaxe sinxela.

É moi grave o que está a acontecer contra o respecto á intimidade; hai moitos xulgados que carecen de salas de espera independentes para agresores e vítimas, o cal é máis grave no ámbito rural. Moitas/os das/os avogadas/os coñecen ás mulleres ás que van defender 10 minutos antes do xuízo, e estas declaran diante do agresor e como moito, detrás dun biombo. É intolerable que non se lles tome declaración por separado sen que a vítima estea nesta situación de absoluta vulnerabilidade.

En canto ás pulseiras de localización, terían que ser os policía os que detectasen o incumprimento da orde, e non as mulleres, que sofren episodios innecesarios de ansiedade, preocupación e angustia.



Atópanse moitos casos de retirada de denuncia, nestes episodios sería fundamental que a fiscalía actuase de oficio; é moi importante que a vítima se sinta segura e non reciba perigo por rematar asasinada, se isto está ocorrendo é porque este perigo non está atallado e moito menos se lle garante absolutamente nada á vítima.

As mulleres soen ter cargas familiares, principalmente de atención ás crianzas e dependentes ou maiores; é preciso reivindicar a importancia da información ás vítimas, deixándolles claro todo o proceso e os servizos dos que pode aproveitarse; como por exemplo a rede de acompañamento, que garante apoio e acompañamento durante o proceso; axudando a estas mulleres a non deixar de atender as súas cargas por ter que declarar.

Consideramos que non se está tendo en conta en organismos como o IMELGA a violencia psicolóxica; que poderíamos dicir que é o primeiro chanzo do que logo remata en asasinatos, deberíamos previr os problemas e non arranxalos despois de que acontezan; a isto súmaselle a falta de credibilidade que se lle outorga ás vítimas, así como a súa ridiculización e infantilización neste tipo de servizos, por unha falta de formación específica en violencia machista por parte dos profesionais das diferentes áreas, que evidentemente non é culpa dos profesionais senón do goberno, que non esixe dita formación específica e non a imparte tampouco.

Por outro lado, a atención ós/ás menores debería dar máis garantías ás vítimas; como declarar por videoconferencia ou non someter á vítima a etapas traumáticas no proceso de denuncia, escoitar á vítima e ter en conta o que relata. Pola súa parte, a lentitude da xustiza na implantación das medidas civís e nos divorcios inflúe moi negativamente no empobrecemento económico, que é unha das cuestións clave para a recuperación integral das mulleres.

Profundamente grave é o que acontece coas crianzas que tamén son vítimas colaterais da violencia machista; que son obrigados en moitos casos a cumprir o réxime de visitas co agresor contra a súa vontade. Moitas mulleres optan por incumplir o réxime pola seguridade da súa crianza, sendo condenadas aínda por enriba. Isto agrávase cando os agresores teñen a patria potestade; onde os menores poden quedar sen recibir atención psicolóxica se o agresor se nega. Algo inconcibible nun estado de dereito que di protexer ós menores. É inaudito que haxa xulgados que estean recoñecendo o Síndrome de Alienación Parental como arma para presentar ás nais como manipuladoras das crianzas; cando ningunha organización científica recoñece dito síndrome e o Consello Xeral do Poder Xudicial recomenda non aceptalo.

Hai unha importante falla de persoal nos puntos de encontro de Vigo, habendo mulleres que tiveron que desprazarse a Pontevedra, co que prexudica esta situación. A policía ou garda civil tería que acompañar ás vítimas a recoller os bens persoais ao domicilio familiar, sen que a muller corra perigo físico ou psíquico.

En canto ás axudas económicas e recursos especializados, están suxeitos a créditos orzamentarios, e a maioría só pode solicitarse cunha orde de afastamento en vigor, desbotando a todas as vítimas de violencia machista que aínda non teñen

dita orde pero están en situación de vulnerabilidade e exclusión. Estes procesos de adxudicación non deberían de demorarse máis de 30 días.

Non existen modelos de reinserción socio-laboral que garantan a independencia das mulleres vítimas da violencia machista; ao que se lle suma a falta de alternativa habitacional; simplemente poden entrar no Centro de Emerxencia, apartando á vítima e non ao maltratador.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes

#### ACORDOS:

1.- Cumprir os acordos do IV plan de igualdade, nos que se inclúen medidas de formación en igualdade para todas as persoas empregadas no propio Concello

2.- Modificación do acceso ao Centro de Emerxencia sen a obrigatoriedade dunha denuncia previa, se a consideración profesional do persoal que as atenda así o indica, xa que estas mulleres non están en condicións psicolóxicas favorables como para tomar tales decisións e estanse excluindo e abandonando ás que non denuncian.

3.- Establecer medidas que garantan o acceso á vivenda dun xeito estable, non é suficiente cos pisos tutelados, senón vivendas sociais destinadas a este colectivo que sexan unha medida a longo prazo.

4.- Posta en marcha de programas de reincorporación laboral desde o Concello adaptado ás necesidades e a realidade das mulleres vítimas de violencia, e dicir, aberto durante todo o ano e con garantías de efectividade.

5.- Rexeitamento desta corporación ó Síndrome de Alienación Parental por carecer de base científica, tal e como recomenda o Consello Xeral do Poder Xudicial.

6.- Instar á Xunta ao aumento do persoal dos puntos de encontro, con formación específica en perspectiva de xénero demostrable e con experiencia en casos de violencia machista.

7.- Instar aos organismos pertinentes á formación específica en violencia machista a todas/os as/os profesionais que teñan que ter contacto coas vítimas (policías, fiscais, avogados/as da quenda de oficio, traballadoras/es sociais etc), así en áreas específicas en organismos como o IMELGA ou outros de iguais características. Esta formación deberá contar coas ferramentas para garantir a información integral das vítimas en todo o proceso, para que se sintan seguras do que asinan e fan en todo momento, así como unha utilización da linguaxe para que esta información lles chegue dun xeito óptimo.

8.- Instar ao Ministerio de Educación a incorporar na ESO a educación sobre igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia de xénero como contido curricular.

9.- Instar ao Goberno do estado á promoción de modificacións no Código Penal en canto á suspensión definitiva da patria potestade en delitos moi graves (asasinato, intento de asasinato, violencia sexual) e nos delitos considerados menos graves, a obrigada avaliación e seguimento do agresor no que respecta á relación cos fillos/as e na posibilidade de darlle opción ás crianzas testemuñas de violencia de xénero a rexeitar ir co maltratador se así o deciden.”

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: O título da moción sería, pola garantía dos dereitos en procesos de violencia de xénero, pero colleron o primeiro acordo que propuxemos. O xulgados de Vigo rexistraron 759 denuncias dende o 1 de xaneiro ao 10 de agosto deste ano, un incremento do 6% a mesma data do ano pasado sen contar un xuízo rápido do día 17 de agosto, ao redor de 15 denuncias diarias se presentan a diario en Galicia e máis de 5. 000 ao ano, entre 2010 e 2017 foron asasinadas por homes 54 mulleres en Galicia e 31 no Estado nesta ano a data de 24 de xullo. A magnitude dos números certifica que non estamos a falar de casos illados, o que está a acontecer é un problema social de primeira orde, existe un fito que se quere fomentar dende algúns ámbitos de forma moi interesada que é que moitas destas denuncias son falsas. Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial isto non é certo, a porcentaxe de denuncias falsas neste ámbito é moito máis baixa que en calquera outro. Ben, pois o que pasa é que enriba do arrepiente das cifras é que situación de inseguridade e precarización das mulleres por falla de dereitos básicos cando se atopan en situación de vulnerabilidade por ser vítimas da violencia machista, afecta a súa protección. Se nos referimos a como son tratadas as mulleres no ámbito policial, segundo informes da rede de mulleres contra malos tratos, obsérvase que existe un desánimo que se crea nas mulleres que dan o paso de denunciar, xa que as forzas de seguridade, por exemplo, en moitas ocasións disuádenas dicíndolles que o avogado/a pode demorarse horas en asistilas en comisaria, e que é mellor que soliciten dito servizo de avogacía o propia día do xuízo no xulgado, provocando así unha sensación de abandono e inseguridade que non axuda nada a saír do inferno da violencia machista. Semella absolutamente inconcibible que haxa policías que non se limitan a recoller a denuncia senón que xulguen eles mesmos o delito que as mulleres están a denunciar e lles digan

literalmente que non merece a pena que o fagan porque non van ter nin sequera orde de afastamento, e que nin será tipificado o seu caso como violencia de xénero.

En canto ao ámbito xudicial atopámonos con que o persoal dos servizos de xustiza seguen sendo xerais, sen formación específica en violencia machista e o que é peor en vítimas de menores de idade.

Dende a Marea de Vigo pedimos a esta Pleno que aprrobe primeiro, cumprir os acordos do cuarto Plan de Igualdade nos que inclúen medidas de formación en igualdade para tódalas persoas empregadas no Concello. Segundo, modificación do Centro de Emerxencias sen obrigatoriedade dunha denuncia previa se a consideración profesional do persoal que os atende así o indica, xa que estas mulleres non están en condicións psicolóxicas favorables como para tomar tales decisións, estanse excluindo e abandonando as que non denuncian. Establecer medidas que garantan o acceso á vivenda dun xeito estable, non é suficiente cos pisos tutelados, é preciso que existan vivendas sociais destinadas a este colectivo e que sexa unha medida a longo prazo. Cuarto, a posta en marcha de programas de reincorporación laboral dende o Concello adaptados ás necesidades e á realidade das mulleres vítimas de violencia, é dicir, aberto todo o ano e con garantías de efectividade. Quinto, rexeitamento desta Corporación ao Síndrome de Alienación Parental por carecer de base científica, tal e como recomenda o Consello Xeral do Poder Xudicial. Sexto, instar á Xunta de Galicia o aumento de persoal dos puntos de encontro, con formación específica en perspectiva de xénero demostrable e con experiencia en casos de violencia machista. Sétimo, instar aos organismos pertinentes a formación específica en violencia machista a tódalas profesionais que teñan que ver contacto coas vítimas, así en áreas específicas en organismos como o IMELGA ou outros de iguais características, esta formación deberá contar coas ferramentas para garantir a información integral das vítimas en todo o proceso, para que se sintan seguras do que asinan e do que fan en todo momento, así como a utilización dunha linguaxe comprensible para que esta información lles chegue dun xeito óptimo. Oito, instar ao Ministerio de Educación a incorporación na ESO a educación sobre igualdade entre homes e mulleres e contra violencia de xénero como contido curricular. Nove, instar ao Goberno do Estado a promoción da modificación no código penal en canto á suspensión

definitiva da patria potestade en delitos consideramos moi graves e nos delitos menos graves a obrigada avaliación e seguimento do agresor no que respecta a relación coas crianzas e na posibilidade de darlle opcións as crianzas testemuñas de violencia de xénero a rexeitar ir co maltratador se así o deciden.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: A verdade Sra. López é que cada vez que vostede fai unha moción para preguntar ou responde algo sobre o social ou sobre a muller eu sempre teño a dúbida se vostede aterrorizou dalgún sitio raro por aí adiante, tenme pinta de extraterrestre cando fai cousas así.

Vostede pertence a un grupo político que representa a unha parte desta sociedade tanto na Xunta de Galicia como en España, como é posible que non saiba que de todo isto que vostede presenta hai xa 5 destas propostas que vostede fai, que xa están a funcionar neste momento a nivel de España, como pode ser que tendo a xente en Galicia, que non lle informen de todo o que se está levando a cabo na mesma Galicia? Hai cousas que xa están a funcionar en Galicia, pero hai algo moito máis grave aínda; como é posible, que a nivel estatal un partido que está gobernando en España, que non lle diga que se acaba de asinar, xa foi en agosto, un pacto contra a violencia de xénero entre tódolos partidos políticos. Como é posible? A que partido pertence vostede? E que non acabo de entender de verdade, vostede pertence a un partido que todos sabemos que é o máis machista que hai neste momento en España, que por suposto non votou o Pacto pero ademais tivo a vergoña de absterse, porque o lóxico sería que votara en contra porque sería coherente total con todo o que fai Podemos. Vostede lembrará como eu cando o Sr. Pablo Iglesias dicía que había que pegarlle a unha señora ata que sangrara, porque el faríao porque gozaría moito, e hai algo que se cadra aquí viría moi ben hoxe porque estamos todos en plan de “cachondeo” pero é que non teño gañas de cantar iso de “chúpame a minga dominga que ten sustancia” ou é que non o lembramos todos? Iso é moi de Podemos e de Marea de Vigo. Polo tanto, non veña aquí vostede por favor, a facer o contrario do que fai o seu partido e se o quere facer polo menos poña orde no seu partido e discuta sobre o que é a muller e do resto de temas.

Non vou a necesitar nin sequera os cinco minutos, é que me parece tan increíble que vostedes propoñan unha moción pedindo dez temas, onde seis están a

funcionar perfectamente e que non estea vostede decatada, é que me parece increíble, fíxese hai algún que ata está funcionando en Vigo. Eu non sei onde estaba vostede nin en que Consello está vostede, fíxese temos aquí o plan que foi aprobado e dende o ano 2009 ao 2012, está aquí, o de Vigo, non sei se o leu pero está aquí e vostede veu por casualidade aquí neste Pleno a resposta a ese que no 2012 iase facer un resumo de como funcionou ou algo diso? Vímolos algún aquí no Pleno? Ninguén viu isto, ninguén viu o resultado no 2011 por que? Porque non se fixo, entende, porque nesta cidade só se fala de cousas, nunca se cumpren, no ano 2012, acabo de lelo, “unha vez concluída a vixencia do Plan que é no 2012, farase unha avaliación final externa que nos permitirá recoller datos sobre a execución, funcionamento, efectos e resultado”. Non se fixo e algo que vostedes aprobaron, non se fixo nin se presentou no Pleno nin se fará, pero non é só coa muller e que tampouco se fai no social, e en nada que se empeza a traballar sen proxecto non é por acusar a ninguén, é que non hai proxecto de cidade, non o hai no social, en muller, non o hai absolutamente en nada.

Sra. López, eu sígolle simplemente recomendando que faga escola primeiro no seu partido e despois a nivel xeral.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Sra. López, a verdade é que me resulta sorprendente a súa moción porque descoñece o que se fai neste Concello sobre a violencia de xénero, tendo en conta ademais que vostede pertence ao Consello da Muller, así voulle corrixir algunhas cousas, o primeiro é que o primer Plan de Igualdade aprobouse en 2009 non en 2007 como di vostede e aprobouse nun Pleno presidido polo Alcalde o Sr. Caballero e foi avaliado Sra. Sánchez en 2014, co resultado do cumprimento dun 80% do mesmo, teño a avaliación completa para amosarlle.

En segundo lugar, léase vostede Sra. López coas vivendas sociais que corresponden á Xunta de Galicia e líase cos pisos tutelados do Concello de Vigo que son para acoller a mulleres despois de estar no Centro de Emerxencia. Quero dicirlle tamén que o Concello conta ademais co CIM, co Centro de Información Municipal, onde atendeu a 10.000 mulleres con 40.000 consultas dende o 2008 ata o 2016, por certo Sra. López, as axudas económicas do CIM resólvense en 24 horas, cando vostede me está a pedir que se fagan en 30 días. O Concello ten ademais un centro de emerxencia, centro de acollemento temporal para as

mulleres e as súas crianzas e poden ingresar sen denuncia previa que é outra das súas peticións, Sra. López, pero pode ingresar sen denuncia previa dende que vostede pisou este Concello como concelleira. En total, foron atendidas 714 persoas neste tempo e con 300 crianzas.

Por outra banda, quéro lle dicir que se está a facer o primeiro Plan de Igualdade das persoas que traballan no Concello, neste momento estase reunindo os datos.

Noutros temas por exemplo, no tema de educación dí vostede que hai dende a ESO darlle a educación en igualdade porque non dende a infantil e a primaria como se fai dende este Concello con 40.000 alumnos/as que xa pasaron polas nosas mans e que imos a 40 colexios, pero tamén traballamos con alumnado da ESO e do bacharelato, así 10.000 alumnos/as nos últimos 5 anos participaron no evento de enlace a Vigo, 12.500 pasaron pola Exposición sobre Violencia Sexual na Xuventude e 6.000 en Obradoiros sobre Violencia Sexual na Xuventude.

En canto a emprego, o Concello prioriza a atención ás vítimas con dous programas propios pensados para isto, Obradoiros de Emprego Formaweb e Vigocapacita, e ten outros dous programas de preferencia para mulleres.

En canto a competencia doutras administracións como é a Xunta de Galicia, os Puntos de Encontro, non podemos estar máis de acordo, xa dúas cartas lle mandamos dúas veces e falámolo tamén moitas veces na mesa de coordinación para a mellora de atención ás vítimas de violencia de xénero, a resposta aos escritos foi nula e a persoa que representa nesa mesa á Xunta de Galicia nos dixo que iso non lles sairía rendible á empresa que o leva, así que pechan dous días e medio á semana e collen vacacións en agosto.

En canto ao pacto de Estado isto si que me sorprende, primeiro, neste intre xa foi aprobado pola Comisión de Igualdade do Congreso de Deputados, o chamado Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o que se estima unha dotación económica de 1.000 millóns de euros en cinco anos, en todo caso haberá que deixar que siga o seu camiño e veremos despois se temos que reclamar ou engadir cousas dende aquí, pero en todo caso o seu grupo parlamentario en Madrid abstívose na votación da Comisión de Igualdade sobre o Pacto do Estado contra a violencia de xénero, non?

Votaremos a favor porque aínda que vostede descoñece o que facemos aquí, nós si que estamos de acordo en insistir en que Xunta de Galicia e o Goberno Central

pois fagan o que teñen que facer.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Imos ver, sobre o Pacto sobre a violencia de xénero nós cando rexistramos esta moción foi antes de que se levase ao Congreso ese Pacto, de feito agora hoxe retiramos o punto e puidestes ver que non o citei porque a moción foi rexistrada antes diso, sabemos perfectamente o que pasou.

Sra. González, eu non son de Podemos, iso non sei cantas veces llo terei que repetir neste Pleno, a Marea de Vigo non é Podemos, o que faga Podemos no Estado ou que faga Podemos en calquera ámbito onde estea gobernando ou na oposición, non é a Marea de Vigo.

Sobre os pisos tutelados xa sabemos que hai pisos no Concello de Vigo, xa sabemos todas as medidas que se están levando a cabo no Concello de Vigo, xa sabemos que hai moitas medidas que se levan de forma eficiente pero o resultado é que segue habendo unha desprotección das mulleres nas dependencias policiais e nas dependencias xudiciais como ven se transmiten nos informes da Rede de Mulleres polos Malos Tratos que son as que acompañan a esas mulleres a diario e son as que ven todos os atrancos e toda a desprotección que esas mulleres senten. É certo que hai medidas e policía que están formados en violencia de xénero pero hai outras moitas persoas que non o están, nas dependencias policiais e nos xulgados, teñen que declarar as mulleres ao carón do seu agresor, a ver iso todo hai que melloralo, xa sabemos que se están tomando medidas e que se vai pouco a pouco no bo camiño pero pensamos que é un problema suficientemente grave, que non está baixando senón que está aumentando e que hai que facer máis fincapé e procurar que se cumpran de máis dun xeito máis efectivo para que isto non siga ocorrendo porque hai moitas denuncias e mulleres que non denuncian por medo, porque van á policía e as disuaden de que o fagan porque pensan que o seu xuízo non vai ser acollido e todo isto ten que facerse de forma atractiva para que as mulleres poidan estar seguras e con tranquilidade do que están a facer.

Dende logo a Rede de Mulleres polos Malos Tratos que é a que máis se ocupa distes problemas están moi preocupadas polo trato e pola maneira.



*(No momento da votación non se atopa presente o concelleiro, Sr. Regades Fernández)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.06.2017 (Rex. Nº 1568/1101), pola concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**21(136).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL, CO OBXECTO DE DAR EXPLICACIÓNS EN RELACIÓN CO CAOS E COLAPSO DO DEPARTAMENTO. REXISTRO PLENO 1613/1101.**

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Despois de falar cos voceiros do resto de grupos municipais e por circunstancias persoais propoñemos que se pospoña o debate desta moción.

SR. LÓPEZ FONT: Simplemente, alégrome porque sería moi grave.

PRESIDENCIA: Queda posposta.

**22(137).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A CUMPRIR COAS SÚAS OBRIGAS E ACOMETER, DE XEITO INMEDIATO, AS LABORES DE REPARACIÓN DO PASEO DE BOUZAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1614/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de setembro de 2017, número 1614/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“Nestes días, os medios de comunicación están a amosar o estado deplorable no que se atopa o Paseo marítimo de Bouzas. Unha situación que non só prexudica á estética dun dos emplacements máis fermosos da nosa cidade, senón que supón un risco para a propia seguridade dos veciños.

Neste sentido, numerosos cidadáns téñense dirixido ao Concello nos últimos meses manifestando tanto o seu descontento como as lesións sufridas no paseo. Unha situación que o Partido Popular de Vigo leva denunciado toda esta lexislatura, facéndose eco das queixas que nos trasladan os veciños.

Así, o 26 de xuño de 2015, tras visitar o mencionado paseo, a voceira deste grupo, doña Elena Muñoz Fonteriz, remitiu unha carta escrita ao alcalde de Vigo na que se describía o estado do paseo -con lousas levantadas e rotas- co conseguinte prexuízo para os vigueses.

Máis de 26 meses despois daquela misiva, o rexedor segue sen responder, sen actuar, e mesmo se atreve a escudarse no convenio firmado entre o Concello, a ZFV e a Autoridade Portuaria de Vigo. Convenio plenamente vixente e que no seu punto terceiro di textualmente:

*“El Ayuntamiento de Vigo se hará cargo del mantenimiento y conservación de todos los tramos del paseo marítimo comprendidos entre el extremo Noroeste del Área Portuaria de Bouzas y la Punta del Molino”.*

Pese á evidencia deste texto e ao mencionado abandono do paseo, o goberno local segue sen facer absolutamente nada. Unha situación que se fai exensíbel ao resto da vila de Bouzas, que continúa sen ver cumprida a promesa electoral do alcalde para habilitar un parking, co conseguinte problema para aparcar; que ten visto como se activaba nas últimas semanas unha peatonalización de segunda sen ter en conta aos veciños; ou que segue á espera da ampliación do parque infantil.

Unha ampliación, por certo, que ten sido anunciada agora polo goberno municipal e que confiamos en que incorpore, desta volta, columpios para nenos con diversidade funcional.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

.- Instar ao alcalde de Vigo a cumprir coas súas obrigas e acometer, de modo inmediato, as labores de reparación do Paseo de Bouzas.

.- Instar ao alcalde de Vigo á habilitación de tarxetas para residentes para o acceso ao Casco Vello de Bouzas.

.- Instar ao alcalde de Vigo a incorporar columpios adaptados a nenos con diversidade funcional cando se acometan as obras de ampliación do parque infantil.”

#### DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Despois de falar e escoitar falar ao Partido Socialista das cousas que teñen que facer os demais pero non a que teñen que facer eles, escoitamos que si que nos van volver subir os impostos, un 2,2% pero nada máis que iso, sempre están a dar leccións pero non se aplican a xestión para eles mesmos, o que queremos traer hoxe aquí é un problema que hai na fermosa vila de Bouzas, unha vila que o Alcalde ten esquecida e abandonada, sobre todo o que ten que ver co paseo de Bouzas e nós levamos máis de dous anos e medio falando do Paseo de Bouzas que está abandonado, tanto a parte do paseo de madeira como a parte da zona que circunda a Zona Franca, pero si que é certo que agora está en boca de todos o accidente que tivo un neno, Martín, un neno de dous anos e cinco meses simplemente por pasear polo paseo de Bouzas.

Esta familia denunciou esta situación ao Concello e leo textualmente o que di “o pasado 22 de agosto do 2017, sobre as 19:30 minutos o neno atopábase paseando polo paseo de Bouzas, pola zona de Zona Franca, aproximadamente a 200 metros da última zona de atraque das embarcacións e como consecuencia de que no paseo se atopan multitude de losetas en mal estado, levantadas e fora de sitio, o menor ao tropezar cunhas das baldosas que estaba levantada, caeu sufrindo un traumatismo facial contra un banco de pedra. Tivo que ser atendido no Hospital Álvaro Cunqueiro e imos ver como vai quedar o pobre Martín. Iso puido ser unha desgracia aínda maior pero este é un exemplo dos múltiples exemplos que hai no paseo de Bouzas porque está nun estado lamentable e ten que ser conservado e mantido polo Concello de Vigo, en virtude dun convenio asinado entre o Concello de Vigo, Porto de Vigo e o Consorcio da Zona Franca. O convenio é claro, di na súa cláusula terceira que o Concello de Vigo farase cargo do mantemento e

conservación de tódolos tramos do paseo marítimo comprendidos entre o extremo noroeste da área portuaria de Bouzas e a punto do muíño, Alcabre, a medida que vaian finalizados as obras nos diferentes tramos. Este convenio está vigor, non é confuso, é claro e o que non entendemos é como o Alcalde, o Sr. Caballero, non ten a intención de cumprir o convenio, os convenios son para cumprir, son lei e por iso hai que cumprilo.

A parte do paseo de Bouzas, queríamos traer aquí varios asuntos que se fixeron mal por parte do goberno municipal e que aínda están a tempo de mellorar, un é a peonalización improvisada que se fixo sen diálogo con veciños, cos comerciantes, multando á xente que pasaba por alí, cunha parada de taxi que obriga a pasar pola rúa Herreros, polo centro do Casco Vello de Bouzas sen tarxeta de residente, sen bolardos e por iso cremos que os cidadáns de Bouzas teñen dereito a que se lles atenda, a un paseo marítimo en condicións, teñen dereito a unha peonalización planificada e teñen dereito, por suposto, a unha promesa incumprida que é o aparcadoiro municipal que dixo o Alcalde que ía facer en campaña e aínda non o fixo, non se se o vai facer neste ano e medio que lle queda.

O que pretende o Partido Popular é mellorar a calidade de vida dos cidadáns que viven en Bouzas e por iso cremos que é bo escoite que non pasa nada, que a cidade vaillo agradecer. Tanto concelleiro pero ao final non escoita e por iso ás veces un non sempre ten a razón.

Aquelo está mal, esta abandonado, cheo de maleza, fontes de auga rota sen auga, o paseo de madeira lle fallan taboleiros, hai puntas ao aire, incluso céspede que creo que é necesario un mantemento que non ten.

SR. PÉREZ CORREA: Parécenos curioso que o Centro de Saúde de Bouzas que é unha responsabilidade de construción da Xunta de Galicia que a oposición leva anos pedindo no Parlamento de Galicia que unha vez que están os terreos se licite polo menos a súa construción, polo tanto, non creo que sexa responsabilidade do Concello de Vigo que o centro de saúde para o cal os terreos están adquiridos, non se realice e sobre todo porque non está dentro do Plan do SERGAS a apertura de novos centros de saúde, a construción do novo centro de Bouzas.

Pero a cuestión que ten que ver co barrio, este forma parte dun dos novos disparates dos capítulos que teñen que ver cando as administracións se poñer a

facer o ridículo colectivamente, a nós como grupo municipal parécenos bastante ridículo o resultado do debate que está tendo o Partido Popular e o Partido Socialista sobre un convenio que polo menos deixa as cousas clara, vou contar una anécdota que me pasou a min no traballo que ten que ver co mantemento e que ten que ver coa cuestión do que é un defecto estrutural nunha infraestrutura pública, nós no meu traballo compramos unha máquina que custou moitos cartos, que requiría un mantemento mensual que había que darlle aceite tódolos meses e se encargou un traballador da empresa, ese traballador non o fixo durante un ano, a maquina gripou e cando fomos a preguntarlle que pasou con esa máquina dixo que fora un defecto de fábrica que tiña, aquí parece que é o mesmo, hai un paseo que tiña que ter un mantemento durante 20 anos, mantemento que tiña que asumir o Concello de Vigo, o convenio é claro, meridianamente claro, se durante 20 anos non se fai o mantemento do paseo é lóxico que ese paseo gripe, sobre todo porque é un paseo que está nun recheo que xa no seu día foi criticado polo movemento ecoloxista porque estruturalmente, paseo que fixo a posterior ministra socialista a Sra. Espinosa, pero que se dixo no seu día á propia Sra. Espinosa que logo acabou sendo ministra, se lle dixo que os recheos estaban sendo feitos dunha maneira non acorde co que vai ser o resultado das mareas nesa zona, que iso podería dar caídas do soterramento e que polo tanto o paseo podía perder firme, hai 20 anos xa se falaba disto e o mantemento preventivo dunha maneira natural levado durante 20 anos evitaría isto, e agora temos o problema e a min paréceme bastante ilustrativo que se diga que este é un convenio vello que ten 20 anos e que polo tanto é un convenio e que unha parte non asume o contido do convenio, supoñemos nós que dentro do convenio se poderá redactar un novo; xa non é un problema de mantemento, xa é un problema estrutural porque xa non é un problema de arranxar só paseo, tamén é un problema de facer un estudo de como está o soterramento que se fixo no seu día con camións de terras, porque seguramente con pedras haxa problemas para volver, porque aínda que votemos firme ou arranxemos o lousado do paseo, pode haber filtracións ou defectos estruturais, polo tanto, si que xa unha vez que non se fixo o mantemento estes anos a responsabilidade debería ser compartida, no seu día porque a Autoridade Portuaria fixo un paseo nunha zona de polo menos dificultade técnica evidente, e dende logo porque o Concello de Vigo tiña que facer unha actividade concreta que

era a asunción dese mantemento e non se fixo, agora xa non é un problema de mantemento, agora é un problema estrutural e que tería que preocupar a calquera persoa, non estamos a falar de que estea unha varanda mal, estamos a falar de que empeza haber buratos, un día destes un vigués desaparece por ese burato e aparece no medio da ría. O neno sabemos porque é familiar dunha traballadora desta casa, o neno pode ser incluso unha cuestión menor con respecto ás furnas que se poden montar aí, e polo tanto do paseo terán vostedes que poñerse de acordo e redactar un novo convenio, para outras cousas si que se poñen de acordo, para quitar adiante a improvisación dun planeamento urbanístico para salvarse como se di nas rúas, “salvarse o cu” pero aquí se que nos poñemos de acordo pero para unha cuestión deste tipo non. Puxéronse de acordo vostedes no convenio para ampliar a PSA, con determinadas cuestións, póñanse vostedes de acordo na renovación deste convenio e a asunción de competencias. Non pasa nada e se ten que ser o Porto pois que sexa o Porto, se ten que ser o Concello pois que sexa o Concello.

Sobre a cuestión doutras solicitudes que están aquí, que propón o Partido Popular sobre o parque, a ampliación do parque de Bouzas, si figura no contrato menor de servizos para a redacción que se vai premiar pois que haxa xogos inclusivos e que haxa xogos que fomenten a diversidade, o problema é que se puntúa con 20 puntos fronte a 60 que son o que vaia máis barato de todo. Polo tanto, na próxima vez que se faga unha redacción dun proxecto técnico para redactar un parque infantil que se premie máis que haxa este tipo de xogos que non 60 puntos de 100 por ser o máis barato que sabemos o que leva iso. O resto de cuestións obviamente ten que haber tarxetas de residentes unha vez que os veciños se decatan pola prensa de que xa non poden entrar no Casco Vello.

SR. LÓPEZ FONT: Una dúbida Sr. Fidalgo, cando vostede di que Bouzas está esquecida e abandonada, dixo que pola Xunta de Galicia, que Bouzas está esquecida e abandonada pola Xunta de Galicia, porque esta foto é moi ilustrativa do centro de saúde futuro, un terreo cedido polo Concello de Vigo no que vostede aínda no fixeron o centro de saúde, os beneficiarios deste centro de saúde teñen que desprazarse ata Rosalía de Castro tres quilómetros e polo tanto cando di esquecida e abandonada é evidente que é por parte da Xunta de Galicia.

Aclaracións ao tema do convenio co Porto de Vigo evidentemente é un convenio entre o Porto de Vigo e o Concello de Vigo, pero hai que ler tódalas cláusulas e a cláusula segunda é moi concreta, este paseo marítimo terá a consideración da obra da Autoridade Portuaria e é verdade que ao Concello lle corresponde a conservación e o mantemento, pero Sr. Pérez é unha conservación e un mantemento que se fixo, é que aquí cando fala de buratos polos que podemos acabar na ría, doutras cuestións que provoquen buratos e demais, iso é un tema estrutural porque é verdade que foi un recheo, é verdade que Bouzas non recibiu nada a cambio dese recheo e evidentemente estamos ante un problema estrutural que ten que asumir a Autoridade Portuaria, a min sorpréndeme que dous concelleiros do Partido Popular moi interesados en principio na moción agora estean a falar das súas cousas, non me atendan porque non se van decatarse de que algunha vez hai que falar do Porto de Vigo e é sorprendente que sempre falemos de que ten que pagar o Concello de Vigo.

Eu vou ser moi concreto, Bouzas esquecida? Pola Xunta de Galicia, si Bouzas está esquecida por este goberno que veña Deus e o vexa, vou a relacionar e vanme faltar humanizacións, Alameda Suárez Llanos, humanización entorno Mercado de Bouzas, Paulino Freire, Escola infantil Casiano Martínez, restauración da praza Paseo Paz Andrade de Bouzas, renovación do saneamento de Alameda Suárez Llanos 1.400.000 euros, humanización rúa Ferreiros, reposición beirarrúas en Tomás Alonso, Casa do Patín, Ferreiros II, partidas para a axuda de rehabilitación integral, reforma da Praza da Igrexa, dous parques infantís, a ver se imos por Bouzas e vemos os parques infantís e non dicimos inexactitudes sobre os parques infantís, humanización Tomás Alonso que xa o dixen, humanización Avenida Atlántida, algo moi importante que afecta a Bouzas e que segue sen interesarlles, recuperación de 400 metros cadrados de praia e adecuación de espazos neste entorno, nin máis nin menos, como ben di o Alcalde, pero enriba de todo isto apoiamos as festas de Bouzas, a Xunta de Galicia nada, apoiamos á rúa Marítima, hai pouco eu oía unha polémica destas que montan vostedes artificialmente sobre o pago ao Porto polo pavillón e demais, o que paga é o Concello de Vigo, e propuxo que aquela cantidade que se paga en concepto de aluguer polo pavillón se o Porto de Vigo levaba a cabo unha actuación de desafectación que se pode facer perfectamente, isto revertería perfectamente nos clubes.

Polo tanto, todas estas actuacións que nunha conta moi rápida me saen en torno a 5.500.000 de euros pero seguro que é máis, pero sobre todo cualitativamente no que significa Bouzas, da pe para entender perfectamente o que se preocupou este goberno por Bouzas. E o contraste, Sr. Fidalgo, míreme, é tremendo, todo o que dixen aínda que non me atendeu pero xa llo contarán, con este solar cheo de silvas que debería ser un centro de saúde e os que terían que entrar por esta porta para ter o dereito, ese do que fala vostede tan pomposamente á saúde, ten que ir a Rosalía de Castro a tres quilómetros.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Está claro, despois da súa intervención Sr. Font non van arranxar o paseo de Bouzas, iso é o que me quedou claro, ponse a ler aí unha serie de cousas que algunhas ata son o paseo de Bouzas da parte de madeira, así que cando as veces caese algún taboleiro, vostedes repoñen ese taboleiro, quedan taboleiros por repoñer pero a conclusión que nos queda lamentablemente é que non van arranxar o paseo de Bouzas, se que imos facer porque está planificado e vaise facer porque Bouzas crece e ten un gran percorrido e a xente de Vigo gústalle Bouzas e cada vez máis apúntanse a vivir en Bouzas porque é das mellores zonas de Vigo, recoméndollo que o contemple no seu futuro vital o de irse a vivir a Bouzas e vaise facer o centro de saúde porque hai a parcela para facer o centro de saúde e está planificado que se faga o centro de saúde de Bouzas, diso non se preocupe, eu o que lles veño a traer aquí son asuntos que son competencia do Concello, do goberno municipal e que non están a facer, non se moleste porque llo diga, o arranxo do Paseo de Bouzas é unha competencia municipal e non a están arranxando, e se había que desafectalo pois o Alcalde de Vigo foi presidente do Porto e podería tela desafectada cando foi presidente do Porto, non estaba nos seus plans quedarse moito no Porto e virse para o Concello.

Simplemente queremos que se arranxe o paseo de Bouzas, simplemente pedimos, os habitantes e os residentes de Bouzas, que se faga unha peonalización organizada, estamos de acordo por parte do Partido Popular en que aquilo debe estar peonalizado, pero cun modelo similar ao Casco Vello de Vigo, o Casco Vello de Bouzas ten e se merece o mesmo trato que o Casco Vello de Vigo e tamén cremos que é importante ter en conta cando se faga esa anunciada ampliación do parque infantil da Alameda de Bouzas, cando se faga porque hai outras anunciadas



como a da rúa Venezuela que levan anunciando a ampliación do parque infantil seis anos e non sei se vai acabar como o barco pirata de Castrelos, pero cando amplíen a Alameda, o parque infantil que teñan en conta incorporar columpios adaptados para menos con diversidade funcional.

PRESIDENCIA: Vanlle facer o centro de saúde mañá, pois xa vai sendo hora porque levan oito anos de atraso e nós cedidos Sra. Muñoz, non se empecine en defender ao Sr. Feijóo, eu defendo á cidade de Vigo, vostede defende aos seus e eu defendo a esta cidade e a Bouzas, entón si que parece que van facer o centro de saúde.

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 1.09.2017 (Rex. Nº 1614/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**22(bis)(138).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL MAREA DE VIGO. INSTANDO QUITAR A CONCURSO A XESTIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTABAN NA CASA DA XUVENTUDE E PUNTO XOVE ATA O 31.08.17, ESTABLECENDO NO PREGO A SUBROGACIÓN DO CADRO DE PERSOAL. REXISTRO PLENO 1615/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 5 de setembro de 2017, número 1615/1101, o voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

#### MOCIÓN URXENTE:

“Motivación da Urxencia: O pasado 31 de agosto rematou a concesión que ofrecía os servizos na casa da Xuventude e Punto Xove, onde traballaban 6 persoas, sen renovación algunha para ofrecer tales servizos, o que provoca que a situación actual sexa de inexistencia dos mesmos. Segundo o artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, que reflicte que a motivación da presentación de urxencia ten que darse por feitos acontecidos entre a data de Convocatoria do Pleno e o día seguinte, o Grupo Municipal da Marea de Vigo entende que, sendo a partir do día 1 de setembro a ausencia de servizos na Casa da Xuventude e Punto Xove, e sendo a Convocatoria do Pleno o mesmo día 1, esta moción ten cabida, sendo conscientes ademais de que a situación, a día de hoxe, 5 de setembro, segue igual.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As políticas para mozos e mozas sempre tiveron un oco importante nas programacións culturais e lúdicas, na prestación de servizos esenciais e mesmo nas partidas orzamentarias dos diferentes gobernos locais que pasaron pola nosa cidade. As situacións de desemprego e precariedade laboral, os problemas de dotacións educativas, ou mesmo de problemas sociais derivados da lacra das drogo-dependencias nos 80 e 90 obrigaron a dotar á cidade de programas e espazos informativos para evitar a cronificación da exclusión social xuvenil que ameazaba aos nosos barrios.

Curiosamente é nestas lexislaturas recentes nas que gran parte deste patrimonio e traballo multidisciplinar en políticas de xuventude está a ser desmantelado de xeito inexplicable. Fai un ano liquidouse o exitoso programa Súbete ao Castro, que xerou numerosas queixas de usuarios e que, pese ao anunciado polo concello, de ser substituído por outro programa análogo, non existiu nin existe programa parecido dentro da esclerótica programación xuvenil programada dende entón. Algunha dela foi pretendidamente derivada ao Auditorio Mar de Vigo pero resultou un rotundo fracaso e soamente tivo retorno positivo para algunhas empresas contratadas para tal fin.

Na casa da Xuventude actualmente seis traballadoras da empresa concesionaria que en 2013 gañou o concurso, realizan unha función imprescindible para o colectivo de mozos e mozas da nosa cidade: Punto de información xuvenil, xestión dos campamentos de verán, asesoramento laboral, tramite de becas, información de tempo libre e voluntariado, mesmo xestións administrativas de programas como o Camiño a Camiño que non é esencialmente un programa de mocidade.

A principios de a empresa notificou aos traballadores a apertura dun expediente de regulación de emprego de extinción dos seis contratos ao ter constancia por escrito do concello de que “o servizo se extingue e non vai a prorrogarse nin vai ser aberto un novo concurso para realízalo”. Dende o 31 de agosto no edificio da casa da xuventude so desempeñan traballos administrativos tres empregados municipais que teñen, ademais, que atender ao usuarios que anteriormente asistían as seis traballadoras da concesionaria, recursos que están sendo insuficientes e minguan de xeito evidente o nivel de servizo.

A xefa de servizo, unha técnica y un auxiliar administrativo non poden suplir o traballo de seis persoas formadas e con experiencia en servizo de atención á mocidade e desenvolvemento de programas xuvenís, tendo como resultado unha completa improvisación, onde toda a actividade que se viña desenvolvendo estase limitando a anotación nunha listaxe de todas as persoas que acoden alí para demandar calquera dos servizos que se estaban ofrecendo ata o 31 de agosto, xunto cunha solicitude cursada polo Goberno Municipal á FEMP para a subvención da contratación dunha persoa técnica, sendo estas as únicas accións vinculadas á Casa da Xuventude e Punto Xove que se están a levar a cabo desde o Goberno Municipal dende o 31 de agosto, descoñecendo toda información sobre o futuro de tales servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguinte

#### ACORDO

- Sacar a concurso de xeito inmediato a xestión dos servizos que se viñan desenvolvendo na casa da Xuventude e Punto Xove ate o 31 de agosto, establecendo no prego a subrogación do cadro de persoal que o viña desenvolvendo coa concesionaria anterior.

- Recuperar nas instalacións do Castro o programa SÚBETE AO CASTRO co seu espírito orixinario, recuperando tamén proxectos técnicos e programas que tiñan unha valoración importante por parte dos usuarios e usuarias.”

#### DEBATE:

PRESIDENCIA: Hai presentada unha moción urxente do grupo de Marea de Vigo, hai unha certa discusión sobre si é de acordo co Regulamento ou non, pero dado que hai diferentes interpretacións procede a votación da urxencia, quere defender a urxencia ten exactamente como marca o regulamento un minuto.

SR. PÉREZ CORREA: Esta moción, é certo que presentamos unha anterior sobre o que ten acontecido na Casa da Xuventude e dos servizos que estaban a dar, esta moción ven condicionada na urxencia, quixemos dar un prazo a este Concello para saber a partir do día 1 que ía facer cos servizos que se estaban a dar ata ese día por unha empresa concesionaria no edificio da Casa da Xuventude no Punto Xove, queríamos sabelo precisamente porque podía ser perfectamente que se asumira por parte do Concello, que se remunicipalizara o servizo, queríamos saber tamén se o nivel do servizo ía ser o mesmo e esperamos a que fora precisamente esa data que coincidía a posterior da convocatoria do Pleno, e o nivel de urxencia é porque dende ese día ata hoxe non existe unha alternativa a seis traballadoras que estaban desempeñando esa función dentro do edificio, non sabemos se se vai quitar unha nova convocatoria porque obviamente o que se están a poñer son os mínimos servizos que teñen agora mesmo tres funcionarios/as públicas e o que queremos saber precisamente cal vai ser o plan.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós estamos a favor da urxencia porque cremos que se están desmantelando os servizos para mozos en Vigo e porque cremos que esa é unha situación o suficientemente importante como para que se debata neste Pleno e ademais se debata con carácter urxente, ou sexa que apoiamos a urxencia do debate desta moción.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Hai un tema que se dixo mal na prensa, a Casa da Xuventude non pechou en ningún momento, alí segue habendo unha ludoteca, fincas urbanas, Vida Sana que é un programa moi interesante e alí hai catro funcionarios, o único que pasou é que houbo unha empresa que rematou o seu contrato e agora moi brevemente presentaremos un plan marabilloso e fantástico do que imos facer coa xuventude e a xuventude con nós de aquí a decembro, presentarémolo de seguida.

PRESIDENCIA: Estaremos encantados de debater esta cuestión por procedemento normal.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 5.09.2017 (Rex. Nº 1615/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**23(139).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO VISIBILIDADE A PLACA DO EDIFICIO MALDER.**

SR. PÉREZ CORREA: Xa o fixéramos nalgún Pleno, ten que ver coa situación que está a vivir o edificio Malder na contorna de Montero Ríos, pedíramos no seu día que se visualizara a placa do arquitecto Manuel Gómez Román, o arquitecto do edificio catalogado, quizais un edificio singular e o máis importante da arquitectura de Vigo, segue sendo a situación completamente ilegal coas cuestións de Patrimonio, rogamos que se retire os ornamentos que ten un hostaleiro nese edificio porque están impedindo visualizar a placa pública que está alí mesmo.

PRESIDENCIA: Tomaremos medidas para que se visualice.

**24(140).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO AO SERVIZO ESPECIAL DE VITRASA ÁS PRAIAS.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: Primeiro, rogaríamos que o servizo de Vitrasa ás praias non rematara o seu período o 1 de setembro e que rematase ó mesmo tempo que rematan o resto de servizos especiais que se poñen na tempada de verán, como o servizo de socorrismo, o especial de limpeza, etc. ou sexa, ao menos durara o servizo especial de Vitrasa ás praias ata o 15 de setembro, porque por exemplo hoxe non hai ese servizo, e fai un día de praia estupendo.

**25(141).-ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO ÁS HORAS DE PAVIMENTACIÓN DO SOLO RODADO.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: O segundo rogo é que o parcheado, mantemento das rodaduras neste caso na rúa da Avenida Gran Vía, feito o luns as 4 da tarde que provocou un caos, un colapso de tráfico porque só deixaron libre un carril en sentido ascendente, que non se fixera a esas horas e se procurara facer como se fixo sempre os asfaltados ou as reparacións que é á hora que hai menos tráfico, polo noite ou pola mañá moi cedo.

PRESIDENCIA: Tomamos nota dos dous rogos, tamén tomamos nota do Plan de Transporte da Xunta de Galicia e da súa ineficacia, tomamos nota de que nós facemos obras nas rúas e tantas que sen dúbida, algunha dificultade para o tráfico prodúcese, cando non se producen dificultades para o tráfico e cando non se fan ningunha obra, entón non hai problema, polo tanto hai que facer as obras e facer todas xuntas e tantas que facemos, pois inconvenientes para o tráfico hai e a xente enténdeo perfectamente.

**.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**26(142).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO Á REPOSICIÓN DOS SERVIZOS QUE OFERTABA A CASA DA XUVENTUDE E A OFICINA MUNICIPAL DE XUVENTUDE.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: En que prazo pensan repoñer vía recursos pública, vía nova concesión o mesmo nivel de servizos como mínimo que ofertaba a Casa da Xuventude e a Oficina Municipal de Xuventude ata a data do 31 de agosto.

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito e lle insto a que presente unha moción.

**27(143).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO ESTADO DA CONTORNA DE SAMIL.**

SR. GAGO BUGARÍN: Despois de tres anos denunciando a situación na se atopa o entorno de Samil co abandono de cuestións básicas que requiren un reducido custe económico, vostedes puxeron en marcha un programa por 8.000 euros no que supostamente hai dous controladores que van mellorar a calidade do entorno de Samil, e a pregunta e a seguinte porque como eu fun hai un días e encontrei todo exactamente igual, quería saber deses 8.000 euros en que propostas e que actuacións se materializaron.

PRESIDENCIA: Eu vou por Samil tódolos días, non hai un días que vou, paseo por alí porque me gusta moito e Samil está fantástico.

**28(144).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO ÁS ARBORES DA CIDADE.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Esta noite caeron árbores, a miña pregunta é todo o que está a pasar nesta cidade, están a caer moitas árbores e logo non sei porque aparecen as árbores cortadas pola mañá cedo como no caso de Pizarro, a miña pregunta é que está a pasar coas árbores nesta cidade que tódolos días cae algún, se están enfermos haberá que curalos e logo isto da tala de noite é un pouco raro.

PRESIDENCIA: Cando queira presenta unha moción e lle contestamos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.